

UN MAR DE CONTOS POR TODA GALICIA



ATLANTICA

2025

DO 28 XUÑO AO 06 XULLO

ATLANTICA
festival
internacional de
narración oral

 XUNTA
DE GALICIA

 Deputación
DA CORUÑA

PACTO
CULTURA
SUSTENTABLE


festivalatlantica.gal

ÍNDICE

A MEMORIA COMO AMULETO PROTECTOR	3
XIII FESTIVAL ATLÁNTICA - OS NÚMEROS	4
ARTISTAS	5
ROTEIROS	48
ESPECIAL CASTELAO	56
PROGRAMA	59
EQUIPO	68
CONTACTO	69

A MEMORIA COMO AMULETO PROTECTOR

Din que quen non vai a Santo André de Teixido de vivo vai de morto. Porque hai promesas que nos atan, como fíos invisibles vencellados á terra, á memoria, ao que fomos e ao que devecemos por ser.

De sempre sentimos a necesidade de sermos protexidos e guiados por algo ou alguén superior a nós mesmas. Por iso moitas culturas ao longo da historia crearon deidades e símbolos que nos acompañan, ás veces ata hoxe.

Eses vínculos materiais coa espiritualidade expresáronse por medio de amuletos e talismáns, obxectos que levamos con nós ou gardamos ben preto, convencidas de que nos conceden seguridade, guía interior e o coidado que ás veces precisamos para seguirmos camiñando.

Nesta décimo terceira edición escollemos como emblema os sanandresiños de Teixido: pequenas figuras de pan, cera ou barro que viaxan nas romaxes e gardan, en cada forma, unha arela . Porque, ás veces, para sobrevivir, hai cousas que cómpre facer: modelar un soño, acender unha candeia, gabear ata un cantil ou narrar unha historia...

Cada figura é un desexo cun corpo pequeno e unha alma antiga: a man ábrese á amizade e guía con sororidade; a pomba voa por riba das feridas; a coroa de Santo André é o escudo contra o medo ao outro; o Santo garda a vida para convivila; a barca é compañeira de quen marcha e regresa; o peixe, fartura sinxela, promesa do sustento; a herba de namorar danza cos ventos e a escaleira leva os nosos pés alá arriba onda ás estrelas.

A nave que leva os sanandresiños é tamén a nosa: unha barca de palabras que nos permite chegar a porto, mesmo cando o mundo semella navegar aloulado por discursos que afunden toda humanidade. Nestes tempos convulsos a palabra pode ser tamén pomba da paz, sobrevoando ruídos que confunden o rumbo, levando mensaxes de consolo a quen as precisar. As historias son escaleiras invisibles que nos permiten subir por riba das derrotas. E cada conto, cando é verdadeiro, arrecende como unha flor, abrindo camiños no ar para aqueles que prenden o sono con medo.

Como os colares de dentes, as pedras de seixo ou os feitizos murmurados por menciñeiras, a narración oral é un acto de protección, de presenza, de fe na humanidade. A voz que conta salva. O oído que escoita constrúe acubillos.

Por iso, nesta edición número trece —ese número que tantos temen e nós celebramos— poñemos a nosa confianza na palabra viva. Porque quen non vai de vivo, vai de morto. Pero quen conta, quen escoita, quen leva consigo unha barca de historias... ese vai sempre de vivo, porque leva canda el a memoria como amuleto.

SOLE FELLOZA
DIRECTORA DO FESTIVAL ATLÁNTICA

ATLÁNTICA
DO 28 DE XUÑO
AO 06 DE XULLO
2025



XIII FESTIVAL ATLÁNTICA

OS NÚMEROS



27
SEDES

A CAPELA · A CORUÑA · A ESTRADA · A POBRA DO CARAMIÑAL · ALFOZ · BETANZOS
BRIÓN · CALDAS DE REIS · CEDEIRA · CHANTADA · CUNTIS · DODRO · FERROL · IRIA
FLAVIA · MUGARDOS · ORDES · OURENSE · OUTES · PAZOS DE BORBÉN · RIBEIRA ·
SANTIAGO DE COMPOSTELA · SANXENXO · TEO · VIGO · VILALBA · VIMIANZO ·
ALDEAS DO CAMPO DO GERÊS (PORTUGAL)



51

ARTISTAS ESCOCIA | PORTUGAL | ITALIA | ARXENTINA | URUGUAI
VALENCIA | ARAGÓN | CANARIAS | ZAMORA | GALICIA



80

FUNCIONES

ESTREAS | 4 ABSOLUTAS · 5 EN ESPAÑA · 6 EN GALICIA

ESPECTÁCULOS DE NARRACIÓN ORAL · CONCERTOS · ROTEIROS
LECTURA PÚBLICA DA OBRA DE CASTELAO · VERMÚ DE CONTOS



9


DÍAS 28 XUÑO - 6 XULLO



3

LINGUAS

GALEGO | CASTELÁN | PORTUGUÉS



51 ARTISTAS

ESCOCIA | PORTUGAL | ITALIA | ARXENTINA | URUGUAI
VALENCIA | ARAGÓN | CANARIAS | ZAMORA | GALICIA

PACO NOGUEIRAS	LORENA PINHEIRO
AÍDA COBAS	LORETO SOCORRO CANARIAS
ALBA GRANDE	LUIS IGLESIAS
ÁNGEL CONCEIRO	LUÍS PREGO
ANXO MOURE	MANUEL GAGO
ATENEA GARCÍA	MANUEL SANTOS ESTÉVEZ
BEA CAMPOS	MARGARITA SÁNCHEZ
BOUBA PANDEIRETEIRAS	MARÍA DA PONTRAGHA
PORTUGAL CÂNDIDA DA LUZ	MIGUEL GOUVEIA PORTUGAL
CÁNDIDO PAZÓ	MIGUELÓN PAZ
CARME VARELA	OSWALDO PAI ARAGÓN
CARMEN CONDE	PABLÍSIMO
ARXENTINA CAROLINA ARABIA	PACO NOGUEIRAS
CAXOTO	PAKOLAS
CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN	PAULA CARBONELL VALENCIA
CHARO PITA	PAVÍS PAVÓS
CRIS COLLAZO	QUICO CADAVAL
DANI BLANCO	RAFA QUINTÍA
DANI LAGO	SAMUEL SOTO
ELVIRA CARRREGADO	SANTI CRIBEIRO
GUILLERMO LLORCA	SIMONE NEGRIN ITALIA
ZAMORA JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ 'DON GUTI'	SOLEDAD FELLOZA GALICIA-URUGUAI
ESCOCIA-ASTURIAS INÉS ALVAREZ	SU GARRIDO POMBO
INMA SOTO	VERO RILO
EUSKAL HERRÍA-GALICIA LARRAITZ URRUZOLA	ZÉ PUMAR
CANARIAS LAURA ESCUELA	

CAROLINA ARABIA

ARXENTINA



Carolina Arabia traballou durante varios e felices anos no Taller do Raposo, un obradoiro literario para mozos en Bos Aires. Xunto a eles tivo o privilexio de formar parte da creación de libros estraños e sutís; enciclopedias imposibles, libros de botánica; compendios astronómicos e acuáticos.

Gañou a bolsa Finestres de Ensaio 2022. Traballou no proxecto *Lenguario Universal*, un arquivo de voces rescatadas que manifesta saberes, experiencias, relatos e expresións culturais intanxibles. *De cantos y animales* é o seu primeiro libro.

DE CANTOS E ANIMAIS | Adultos

Cántase ás vacas nas chairas de Colombia e Venezuela, aos bois nos campos de cultivos de Bután. Nas montañas de Marrocos, pastores de rabaños e cazadores de serpes amansan os animais con melodías das súas frautas. Cántase para aquietar, para que baixe o leite, para guiar polos camiños, para arar a terra, para acompañar a soidade. Cántase a viva voz ou con instrumentos cuxa mesma anatomía aparece entrelazada coa do animal e da vexetación que o rodea.

Que significado teñen estes cantos? Nun momento puidemos comunicarnos mediante a música con outras especies? Compartiamos con elas un mesmo idioma? Era iso o paraíso?

De cantos e animais narra en primeira persoa un percorrido de oito anos no que Carolina Arabia transita entre voces de humanos e animais e recolle unhas manifestacións culturais que parecen destinadas ao esquecemento.



Inés Álvarez Villa é unha narradora bilingüe que hai máis de dúas décadas, deixou a súa Asturias natal e trasladouse a Irlanda. Tras uns anos, estableceuse en Edimburgo, onde aprendeu o oficio da narración no Scottish Storytelling Centre como alumna de Janis Mackay e David Campbell.

Agora, como membro do Scottish Storytelling Forum, Inés conta contos de España, Escocia e de todo o mundo, incluíndo, en ocasións, relatos da súa autoría. Apaixónanlle as historias que nos convidan a ver as cousas desde unha nova perspectiva e que espertan o abraio.

Presentou os seus espectáculos no Scottish Storytelling Centre, o Edinburgh International FRINGE Festival, o Way Word Festival de Aberdeen e o Edinburgh Horror Festival. Os seus dous últimos espectáculos, *Don Quixote Rides Again* (2023) e *The Dream of Al-Andalus* (2024), foron comisionados polo Scottish International Storytelling Festival, onde se estrearon con gran éxito de público e crítica.

POLOS CAMIÑOS DO NORTE: UNHA PONTE DE CONTOS ENTRE TRES TERRAS CELTAS Adultos

Inés Álvarez chega desde o seu fogar en Edimburgo para contar contos tradicionais e compartir experiencias persoais que se entrelazan, explorando os vínculos culturais e emocionais que atopou no seu periplo vital por terras asturianas, irlandesas e escocesas.

Este espectáculo é unha celebración do poder da narración para crear pontes que nos unen a través do tempo, as fronteiras, e os mares.



ESCOCIA DE CONTO | Familiar

Selección de contos tradicionais do rico folclore escocés. Estes contos están poboados por seres máxicos tan fantásticos e poderosos como as paisaxes que habitan nas pequenas vilas, os suaves outeiros ondulados e os verdes vales de Escocia e das illas británicas.





Cândida da Luz nasceu na cidade de Calw, preto da Selva Negra, na Alemanha. Os seus pais alimentárona desde cedo com histórias e canções do cancioneiro tradicional de Portugal, enraizando-a na sua cultura e despertando nela a paixão pela sonoridade das palavras e pela beleza do imaginário.

O seu caminho na narração é conduzido pela procura da ancestralidade, pelas raízes da tradição oral do mundo.

Desenvolveu vários projectos no eido da narração oral como *Iná Makhá*, *Abril na voz*, *De uma chávena de chá fumegam contos*, *Viajar nas histórias*, *Brava raiz*, *Papinhas de mimos para bebés curiosos* e *Bebés aventureiros viajam pela rotas do luar*.

Formou com outros artistas o grupo de narração tradicional portuguesa *Contos na Eira* onde participa como narradora e cantareira.

BAILARICO DE CONTOS | Familiar

Sesión de contos e cánticos de poder dedicada aos indios norteamericanos. Un encontro coa ascentralidade e a sabedoria profunda da natureza.



Miguel Gouveia nace tirsense, cun par de costelas durienses, e conta e le en voz alta desde que, en 2001, pequenas criaturas o apelidaran de profesor. En 2008, a medias coa súa cara-metade, crea Bruaá Editora e abandona o ensino para se tornar mestre de obras, dedicándose a tempo enteiro á edición, tradución, lectura en voz alta e narración oral. Como lector sonoro, preséntase en bibliotecas, escolas, librarías, asociacións e festivais cos "Concertos de lectura", designación prestada do escritor brasileiro Rubem Alves. Mentres o contador de historias, traballa cun repertorio construído en grande parte a partir da tradición oral portuguesa e de recollas persoais. Actualmente é tamén libreiro na Bruaá / Librería do Convento, en Coimbra, onde ocasionalmente presenta os "Concertos de Lectura" para adultos e sesións de contos para os máis novos. Vive na Figueira da Foz, municipio no que organiza o encontro "Tintim por Tchim-Tchim", onde os contos se xuntan ao viño. E ben ou mal contado, este conto está acabado.

ESQUECÍN COMO SE CHAMA E OUTRAS HISTORIAS QUE NON LEMBRO | Infantil

Unha mestura de contos de autor, contos da tradición oral de varias culturas, microcontos,

contos infinitos, historias con xestos e adiviñas, entre outros. Unha volta ao día en oitenta mundo narrados por Miguel Gouveia.

VÉNME AO BICO UN CONTO | Público adulto

Todos temos necesidade de escoitar e contar historias, pois é con elas que damos forma à complexidade da vida, restauramos a orde coa imaxinación, partillando experiencias, ouvindo o outro, criando empatía e recuperando a esperanza, no individuo e na comunidade. O feito de contar e ouvir historias é, así, unha experiencia única, renovada constantemente pola complicidade entre quen conta e quen escoita.

Miguel Gouveia chega da Figueira da Foz, e trae "no bico un contar". Un contar que mana da súa boca tan fresco, coa palabra tan viva, como chega a auga á bica da fonte. "Veume á bica un conto" como di Miguel, neste dito portugués é iso mesmo: un momento de partilla en que teceremos a medias unha trama feita de palabras e silencios, que fai dos contos unha poderosa ferramenta do pensamento e da imaxinación.

ESTREA
ESPAÑA

ESTREA
ESPAÑA



Galicia e Nápoles teñen máis en común do que podes imaxinar: a lingua, os conxuros, a relación coa morte... Se cambias a pizza margarita por unha empanada de xoubas, a coincidencia é total.

É o que defende **Simone Negrin**, nado e criado en Italia, curtido e adobado en Galicia, agora enlatado en Madrid: un raro exemplar de italiano con acento galego. Foi actor, director, guionista, presentador, improvisador, árbitro de fútbol e ensinante de xesticulación italiana. Conta historias costumistas, divertidas e conmovedoras: como o neorrealismo, pero en color.

FARE LE CORNA | Público adulto

ESTREA
ABSOLUTA

En Italia adoitan "fare le corna" ou "toccare ferro" para botar lonxe a mala sorte. E iso que moitos italianos cando lles preguntas «¿Sei superstizioso?» prefiren non dar unha resposta directa e recurren a Peppino de Filippo, gran actor do século XX: Non è vero ma ci credo!

As historias deste espectáculo poden aclarar ou non a cuestión, máis con elas imos pasar un tempo protexidos á italiana, que semella moito a nosa.

*Chi trova un ago e se lo prende,
la fortuna ormai lo attende.
Chi trova un ago e non lo raccoglie,
la sfortuna presto lo coglie.
Chi alla sfortuna non crede per niente,
fa la cosa più intelligente.*



Oswaldo Pai é o nome artístico de Oswaldo Felipe. Autodéfinese como un “cósmico da lingua”. É actor, contador de historias e afeccionado á fotografía. Membro da PAI (Promotora de Acción Infantil) desde 1989 onde participou en numerosos proxectos de teatro de rúa e de sala.

Entre os seus espectáculos figuran unipersoais como *Cuentos colorados* e *Historias de la lengua floja*, pero hainos tamén de teatro de monicreques e obxectos como *Debajo un telón*. Con *Coro Cocó* comeza a incorporar elementos robóticos, evolucionando ata crear en 2018 *Artilogios*, un espectáculo que aúna poesía e robótica.

Desde o 2012 participa en espectáculos de divulgación científica da PAI como *Un salto de gigante* por mor do cal se mergulla na astronomía e na astrofotografía.

Puxo en marcha *Noches de Star Mirando*, actividades nocturnas de observación nas que combina a explicación do ceo a primeira ollada con proxección nunha pequena pantalla de imaxes en vivo captadas polo telescopio, mitoloxía e música en directo.

ARTILOXIOS | Público familiar e rapazada (+8 anos)



Artilogios son dispositivos para un eloxio poético. Un remexido que se acompaña de artefactos electrónicos e mecánicos que marcan o ritmo ao actor.

Está, por exemplo, o grafitófono, que solfexa a resistencia eléctrica dun debuxo ao carboncillo. E o susurrófono, un fonocaptor pregoeiro do dixomedíxome. Ou o ascensor, un artilogio ascensonórico evocador de alturas, pero hai moitos máis, todos eles para acompañar poemas de Maria Elena Walsh, Federico García Lorca, Gloria Fortes, Gerardo Diego, Elsa Bornemann, Antonio Rubio... e de Oswaldo Felipe.



Paula Carbonell é narradora e escritora con ampla experiencia como contadora de contos, conferenciante e formadora.

O seu libro *Gallito Pelón* foi incluído na lista White Ravens 2014; *El más rápido* foi premio Fundación Cuatrogatos 2017; recibiu o terceiro premio na Feira de Ilustración dos Emiratos Árabes 2017 e foi finalista en 2017 do *The Golden Pinwheel Young Illustrators Competition* na Feira do Libro Infantil de China (CCBF) en Xanghái. *Valentina ten dúas casas* e *El pollo Kiriko* foron seleccionados pola OEPLI entre os mellores libros de 2017. Premio *TodosTusLibros* 2024 ao Mellor Libro Xuvenil por *NO*. Dirixe a colección *Artefactos* na editorial Libros de las Malas Compañías.

UN NENO, UN CAN, UN GATO E UN PITO Público familiar e infantil

ESTREA
GALICIA

O pito Kirico camiña, un can e un gato xogan, as miñas historias voan... ás veces contigo, outras con eles. Ven que cho conto.

DIVINOS ANIMAIS | Familiar e infantil

ESTREA
GALICIA

Enchéuseme a maleta de animais divinos con divinas historias. Coñecelas? Non? Pois ven que as contamos.

POMBAS, POEMAS E CONTOS | Bebés

ESTREA
GALICIA

Para espertar, bicos, no paseo, cóxegas, para comer, retrousos, para a sesta, un poema. E despois de xogar, merendar, cear... a escoitar versos, arrollos e contos.



FOTO: NATASHA BAUHAUS

Loreto Socorro é narradora oral e apaixonada polas historias da vida. Naceu en Telde, Gran Canaria, e medrou entre o mar e o campo, rodeada de voces mariñeiras, pescadoras e labregas que lle transmitiron adiviñas, romances e contos tradicionais. Formada en Turismo e Educación Infantil, foi no ano 2019 cando, grazas a un taller con Pep Bruno, iniciou o seu camiño como narradora oral profesional.

Desde entón, Loreto non deixou de formarse con mestras e mestres como Victoria Siedlecki, Momi Ogalla, Félix Albo ou Ana Griott, nin de contar en espazos diversos: bibliotecas, colexios, festas populares, festivais insulares e mesmo hospitais. Durante a pandemia levou contos ás pantallas, aos teléfonos e ás ondas, participando en proxectos como “Cuentos para acompañarnos” ou os “Tagorales de cuentos”.

Na actualidade, forma parte do proxecto “Cuentos que sanan” no Hospital Materno Infantil de Las Palmas, levando alento e fantasía a crianzas e familias hospitalizadas. A súa voz mantén vivas as historias das mulleres da súa familia, as piteras de Pino Santo Alto, que sabían traballar a fibra da pita coa mesma destreza coa que Loreto fía palabras e emocións.

Conta contos tradicionais, literarios, en castelán, inglés e co apoio de obxectos. Pero sobre todo, conta para lembrar e para acompañar.

CROCODILO | Público familiar (+4 anos)

ESTREA
GALICIA

Dun ovo pode saír un pitiño... ou un crocodilo! Nesta sesión chea de humor e tenrura, Loreto Socorro convídanos a escoitar contos que celebran a diversidade e a importancia de aceptarnos tal e como somos. Con rimas de mans e moita participación, Crocodrilo é unha proposta divertida e agarimosa para gozar en familia.



Laura Escuela é narradora oral profesional e especialista en literatura infantil.

Conta contos desde o ano 2009 e ten participado en numerosos festivais de narración das Illas Canarias, así como en diversos circuítos e festivais da península, e tamén en Chile, Perú e Escocia.

Leva a cabo a xestión e execución de varios proxectos culturais e educativos para fomentar o achegamento da infancia e das familias aos libros e á literatura oral.

Rodeada de mar por todas partes, di que a palabra é como un barco que achega, como un faro que guía, como unha beira á que regresar.

MEU MAR | Con Caxoto | Adultos



Un espectáculo de narración onde dúas beiras se atopan. Desde a illa ata a península, *Meu mar* propón unha travesía emocional e poética na que dúas voces —unha canaria e outra galega— se deixan levar polas correntes para atoparse no territorio común das historias.

Neste encontro íntimo, o mar é máis que escenario: é memoria compartida, é ponte e é espello. Laura Escuela e Caxoto, cunha voz enraizada nas súas terras pero aberta ao diálogo, fían contos que cruzan océanos e nos levan por camiños de salitre, vento e palabra viva.

Meu mar é unha homenaxe á oralidade como canle de encontro, á identidade que flúe, e á forza das historias que se contan desde as súas orixes pero sen fronteiras.

JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ ‘GUTI’ ZAMORA



FOTO: JAVIER ALBOR

‘Don Guti’ é gaiteiro, cantador, bailador e sobre todo contador de historias. Realizou un inmenso labor de compilación etnográfica en longos seráns de cociña e serano, en vilas de Zamora, León e Salamanca. O seu traballo céntrase no uso de materiais recollidos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte anciás e anciáns do mundo rural. Traballou principalmente na contorna rural intentando dalgunha maneira restablecer a cadea de comunicación-transmisión da cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite dende o televisor.

É habitual dos festivais de narración e colaborador en traballos discográficos de grupos como Mayalde, Bajo Duero ou La Ronda de Motilleja. Dirixiu unha morea de espectáculos sobre a tradición, publicou artigos relacionados coa etnografía en revistas como El Filandar e colaborou en moitas publicacións especializadas. Polo seu espectáculo A pelo recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

NOVAS HISTORIAS DE FILANDAR Público adulto

ESTREA
ABSOLUTA

Neste espectáculo o romance e o conto tradicional vanse zarrapicando da xeografía, da vida das cociñas, dos traballos do campo, das historias de vida de cada informante, e de cada vella que entra e sae do escenario da man deste zamorano. Funciona como un exercicio de agradecemento a quen lle regalou o testemuño dun mundo oral, e aspira a ser, para quen escoita, unha volta ao tempo feliz no que a palabra do vello era necesaria.



Alba de Vales é o nome artístico de **Alba Grande** co que descobre un percorrido en solitario como xograresa, a través de diversas disciplinas artísticas. Dende adolescente, dedícase a facer teatro e a comprender a escena. Actriz, formadora e monicrequeira en diversas compañías escénicas, forma parte das asociacións NOGA, UNIMA e ALDEAR. Formouse en interpretación xestual no Institut del Teatre e en distintas técnicas das artes populares da escena.

A súa vocación como muller escénica, e ao tempo muller rural, é a de cooperar tecendo comunidade a través da oralidade, o teatro e a escoita participativa. E apoiar as iniciativas que dan soporte ao intercambio de saberes, ao tecido comunitario e ao coidado do medio ambiente.

CONTOS ARREDOR DA TERRA | Infantil

Partindo da narración oral e mesturándoa con elementos do teatro xestual e de figuras, Alba de Vales ofrécenos a tradición oral que percibiu e procurou nun compendio de pezas contadas e cantadas.

Co *O rato e a rateira*, relato anónimo recuperado dun vello almanaque labrego que a xograresa reconta á súa maneira, ou *Os tres casamentos nun día*, romance burlesco popular, recollido na súa propia aldea por terras de Cea, e que libremente interpreta, ou a través dunha cántiga tradicional que mestura estilos populares de Galiza e da península ibérica, unha xograresa búscase a si mesma, neste século, tecendo con historias, cantos e contos as preguntas sobre ser xograresa, ser galega e galegofalante, e sobre a tradición ou a ruralidade. Re-interpretándose nas historias do seu lugar de orixe e dunha raíz expandida, que vai e retorna.



Nado en Chantada o 28 de decembro de 1963, **Anxo Moure** é un escritor e contacontos galego. Contacontos dende 1989 e barqueiro da A.C. Barcas do Miño con experiencia de 25 anos no manexo de embarcacións tradicionais e con actuacións no Miño e no Cabe, no Ulla e mais no mar da Illa de Arousa. As súas actividades son cómicas e divulgativas, enmarcadas no ecoloxismo e o ecopacifismo. Impulsou a creación do Cinema Palleiriso na aldea de Garabelos, na parroquia de Mariz.

HISTORIAS PARA COIDAR A TERRA | Familiar

Anxo Moure, o Carballo con Botas, convídavos a subir con el ao alto dun vello castiñeiro para dentro dunha casiña construída en madeira no alto da árbore polo carpinteiro Fernando Ibarra para escoitar contos e historias que nos axudan a coñecer e coidar dos bosques. Historias da "Sobreira Tecedeira", do "Tío Teixeira", das "Árbores da paz", do "Caramulo e a carpinteira dos sonhos"... Un conto contado coa barriga verde dos contacontos convida a unha viaxe, dende o alto das árbores, ata aos espazos naturais da Galiza: Courel, Ancares, Fragas do Eume.... Nesta viaxe a cativada e as súas familias coñecen a problemática dos bosques, limpan o lixo, loitan contra o trasno do lume, falan por "piñáfono móbil", cociñan o vento e reciben a música das árbores da man dun peitoque de madeira de teixo.

No remate as familias coñecen as distintas árbores e as súas historias no horto forestal (32 especies autóctonas) e finaliza coa proxección dunha curtametraxe "Zapatiños de cartón e a carta das árbores" (con monicreques da autoría de Esteban Acuña "Tarabelos") no "Cinema Palleiriso".



FOTO: CARLOTA MOSQUERA

Atenea García é actriz e creadora escénica. Titulouse en Arte Dramática pola ESAD de Galicia no ano 2010. Durante os anos 2011 e 2012 viviu na cidade de Bos Aires; onde ampliou a súa formación no ámbito vocal e interpretativo con mestras como Jessica Pinkus ou Ignacio Monna. Trala súa volta a Galicia traballou como actriz no Colectivo Avoayouja formando parte de varias das súas montaxes.

No ano 2015 fundou co músico Nicolás Zamorano a compañía Xarope Tulú, adicada ao público infantil e xuvenil ademais de comezar a súa andaina como narradora oral labor que segue a desenvolver na actualidade. Desde o ano 2017 colabora como performer co colectivo Blanco&Roja e coa artista Alba Blanco. No ano 2019 traballou como actriz na montaxe Galego, *Neorretranca e posmorriña* do Centro Dramático. Ademais, neste mesmo ano pasa a formar parte da compañía Baobab Teatro protagonizando o espectáculo *Mai Mai*. Tamén estreou, dentro do marco de Xarope Tulú, o primeiro espectáculo para o público adulto da compañía, *De ti e mailo mundo que apañes*, baseado na obra poética de Xela Arias.

VICIO HOUBO SEMPRE | Público adulto

Vicio: Hábito ou costume de actuar de maneira contraria á moral ou ás normas sociais establecidas.

Os últimos anos Atenea García estivo recollendo historias de vida de mulleres de máis de 85 anos que moitas veces remataban falando de pracer e de sexualidade. A primeira conversa naceu cunha frase: "Vicio houbo sempre, gracias a Dios!" E logo seguíronlle outras tantas: "Eu nacín moi cedo", "Iso antes non che era así" ou "Aí se fora hoxe...". Así as mulleres foron falándolle de todas esas cousas supostamente prohibidas e deixando entrever que aquilo de chegar virxe ao casamento pasaba ás veces pero outras non, que sempre houbo vida nas marxes! Atenea recolleu as súas historias e preséntaas nesta proposta de narración oral para adultas.



Bea Campos é actriz, narradora e presentadora. Dende moi nova, comezou a contar contos, realizou milleiros de actuacións e levou as súas historias ata o outro lado do mar, participando en festivais de artes escénicas en Latinoamérica. Forma parte de Migallas Teatro e tamén traballa na compañía Inventi Teatro ademais de participar como actriz en diferentes compañías.

É formadora no eido da expresión dramática, da narración oral e da literatura infantil. Tamén colaborou nun gran número de proxectos audiovisuais e actualmente é presentadora na canle de difusión de literatura infantil Kalandraka TV achegando o mundo do libro a nenos e maiores.

GARAVANCIÑA | Infantil (+1 ano)

Garavanciña é unha proposta de narración oral que trae a maxia dos contos clásicos. Nesta adaptación, dáselles unha volta aos roles tradicionais mantendo a fantasía desta fermosa historia. Un conto de sempre que achega os costumes do pobo.

BOUBA PANDEIRETEIRAS



GALICIA



Bouba Pandeyreiras son un grupo do concello de Tordoia que centran os seus esforzos en recoller a música tradicional do país para logo poder mostrar polo mundo adiante o poder dos nosos vellos e a forza da nosa música. O grupo intégrano María, Carme e Uxía da Pontragha e Maca do Piñeiro.

TERMANDO DOS MARCOS | Concerto

Despois de toda a emoción de *Vinculeiras*, chegou a merecida calma e puidemos erguer con paciencia o que é o novo proxecto das Bouba.

A lume lento e un bocado máis maduras, reparamos en nós e no mundo e creamos algo novo, pequeno, local, desde as marxes.

Máis ca nunca resituámonos na aldea que nos pariu, a que nos dou o nome e nos mostrou que sen nós non había futuro. Non é esta cousa boa de facer nun país cada vez máis asobalhado polo capital e a desmemoria.

Aquí estamos, Bouba, para seguir sendo, Termando dos marcos. Os marcos somos nós.

CÁNDIDO PAZÓ

GALICIA



Nado en 1960 na parroquia de San Paio de Navia (Vigo) e veciño desde hai 20 anos de San Xián de Sales (Vedra), gusta dos ámbitos híbridos onde a memoria rural e urbana se mesturan, dando lugar a curiosas historias transmitidas oralmente.

Comezou a contar nos anos 90 e desde entón ten estado presente en todo tipo de espazos de narración oral na xeografía galega e peninsular, así como en festivais e programacións diversas en América Latina, Europa e África lusófona.

Do 2000 ao 2008 foi profesor visitante na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto (Portugal), impartindo a materia de "A oralidade como ferramenta do traballo actoral".

É tamén autor e director teatral, facetas nas que ten recibido cumpridos premios (María Casares, Max) e recoñecementos (Premio Roberto Vidal Bolaño da Mostra de Ribadavia, Premio Xiria da Mostra de Cangas, Xograr de Outono do F.I.O.T. de Carballo, entre outros) e foi Premio da Cultura Galega en 2014.

CONTAR PARA VIVILO | Adultos | 60 min

Unha sesión de historias, contos, lérias e parrafadas sobre outras xentes, outros mundos e outros tempos, nun espectáculo para xente deste mundo e deste tempo. Humor, emoción e memoria coa palabra como único recurso.



FOTO: ÁLEX PAZÓ

Carme Varela é filóloga e xestora cultural. Compaxinou traballos na Fundación Castelao como secretaria técnica con outros no campo da produción e distribución teatral coas compañías Ollomoltranvía e Mofa e Befá. Tamén traballou na empresa de servizos teatrais RTA. Foi directora de produción no Centro Dramático Galego e dende o ano 2007 a súa vida laboral estivo ligada á empresa de comunicación Atlantis Multimedia onde participou en proxectos de publicidade ou na produción de películas documentais.

As desterradas (XXV Premio Álvaro Cunqueiro) foi o seu primeiro texto teatral e foi creado como actividade para desenvolver no seo da asociación de patrimonio medieval O Sorriso de Daniel da que é secretaria e que axudou a fundar en 2010. En 2022 gañou o Premio Selic co texto teatral *Faise o escuro*.

A PEGADA DE CASTELAO | Roteiro narrado con Quico Cadaval | Adultos

ESPECIAL ATLÁNTICA

Castelao viviu nove anos en Santiago de Compostela. Foi "Cando na Casa de Lea había bo viño e na Casa das Crechas servían bos callos, cando o Señor Benito era velleiro do Toral, cando Rey Varela se metía cos socios do Casino, cando se sacaba o esterco polas noites e os serenos cantaban a hora".

Daqueles nove anos o de Rianxo lembraba no exilio bonaerense que tivera "fartura de ledicias no corazón e non-nos tollía ningunha tristura". Imos pasear a Compostela de Castelao e ver que nos contan as pedras e as badaladas do reloxo da Catedral.

CARMEN CONDE

GALICIA



Carme Conde leva 20 anos recollendo, escribindo e contando historias. Percorrendo toda a xeografía galega e conversando no camiño con centos de persoas que lle legaron xenerosamente anacos maravillosos das súas vidas.

O QUE NON ESTABA ESCRITO | Público adulto

O espectáculo ten este título porque os relatos que Carmen conta non estaban escritos (certo!), mais tamén polo extraoficiais e polo especiais que son! Inspirados en todo canto apañou da oralidade, ficcionados pola propia Carmen nunha mestura indistinguible entre realidade e imaxinación e devoltos á voz falada, a través das narracións desta sesión para público adulto. Unha escolma na que ata a vida máis anónima roza o improbable e a maior normalidade choca co delirio.



Felipe Díaz, máis coñecido por **Caxoto**, é narrador. Ligado ao espazo escénico dende hai anos, entra en contacto coa oralidade ao chegar á Editorial Kalandraka onde asumiu o reto de ser contador nunha campaña de animación á lectura que o levou por colexios de toda a xeografía galega. Dende aquela Caxoto adícase ao mundo dos contos cun amplo abano de espectáculos dirixidos, preferentemente a público infantil e familiar.

Na actualidade é contador de referencia en concellos como A Coruña, Lugo, Vigo, Oleiros, Arteixo, Narón... e nos últimos anos participou e participa en festivais de narración oral moi recoñecidos entre os que destacan o Maratón de los Cuentos (Guadalajara), La senda del cuento (Toledo), Festival EVA (Madeira-Portugal) ou Falando a boca chea (A Coruña).

MEU MAR | Con Laura Escuela | Adultos



Un espectáculo de narración onde dúas beiras se atopan. Desde a illa ata a península, *Meu mar* propón unha travesía emocional e poética na que dúas voces —unha canaria e outra galega— se deixan levar polas correntes para atoparse no territorio común das historias.

Neste encontro íntimo, o mar é máis que escenario: é memoria compartida, é ponte e é espello. Laura Escuela e Caxoto, cunha voz enraizada nas súas terras pero aberta ao diálogo, fían contos que cruzan océanos e nos levan por camiños de salitre, vento e palabra viva.

Meu mar é unha homenaxe á oralidade como canle de encontro, á identidade que flúe, e á forza das historias que se contan desde as súas orixes pero sen fronteiras.

CELSO F. SANMARTÍN

GALICIA



FOTO: OVIDIO ALDEGUNDE

Celso Fernández Sanmartín é un poeta e contacontos galego. É licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén promotor de FoCuCu (Foro de Cultivos Culturais).

Como contacontos, Celso F. Sanmartín caracterízase polo seu labor como recolledor e reinventor de historias e contos. O seu repertorio está composto por historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea que presenta nos seus espectáculos coma un verdadeiro tesouro, cheos de coidado, sentido e paixón pola oralidade, a comunicación e a lingua.

CONTARA | Público adulto

Celso Sanmartín, ou Celsiño, como tamén lle chaman, ten escoitado moitos contos. Historias que lle contaban e contan os máis maiores. Naceu, medrou e viviu rodeado de contos, e dese escoitar fixo a súa profesión: agora é el o que narra. Defínese así mesmo como colleitador, pero non só da súa horta, se non tamén das historias da vida.

A palabra é a maior ferramenta de Celso Sanmartín. Con ela transmite historias que pertenceron a outras persoas.





FOTO: ADRIÁN GONZÁLEZ

Charo Pita naceu á idade de seis anos cando acabou de ler o seu primeiro libro. Leva contando historias de viva voz e impartindo obradoiros de narración oral e lectura en voz alta desde o ano 94, como narradora en solitario, dentro de espectáculos bilingües inglés-galego, ou en sesións nas que se combinan os contos e a música.

Como escritora ten máis dunha ducia de libros publicados. Recibiu algúns galardóns literarios, como o premio Espiral Maior de poesía no ano 2001 ou o Manuel Murguía de narracións breves para adultos no 2018. O seu poemario 'O cuarto de Jane' gañou o primeiro premio do XV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas.

Unha das súas facetas máis persoais é a de mesturar contos e música, de aí a súa participación en proxectos como 'A nena e o grilo no país das apertas' xunto a Magín Blanco, en 'Estamos no verán' xunto a Xoán Curiel ou en 'No país do vento' da man de María Faltri e Jorge Juncal.

ANDAR AOS BIOSBARDOS | Infantil

Se saísedes cazar biosbardos, que cazariades? De seguro que algunha boa historia. Como as que atoparás aquí, e que Lebre, Lagarta, Cangrexo, Abella e o Vento Norberto adoitan contar baixo o Freixo Engurrado. Historias que talvez fagan deste libro o máis marabilloso do mundo.

Ou talvez non. Ti decides.



Naceu en Santiago de Compostela no 1986 e medrou no berce dunha aldea chea de fábulas, contos e cantigas. Dos beizos das avoas saiu a maxia da literatura popular que fixeron pouso na súa formación e entendemento da arte dramática.

No 2012 viaxa a Brasil para realizar unha xira coa compañía Arte Livre onde se afianzan as súas inquedanzas sobre o teatro infantil e a dramatización dos contos. Tras un ano de enchouparse na cultura e arte deste país, regresa a Bandeira para poñer en práctica estas aprendizaxes. Dende entón, a súa carreira artística mergúllase na creación de laboratorios, traballos audiovisuais en curtametraxes e a coordinación de proxectos teatrais e de índole social. Sempre cun obxectivo: fomentar o teatro no medio rural.

PROCÚRASE PEPA A LOBA | Público familiar e infantil

Ano 1890. Inauguración da taberna de Pepa a Loba. A súa gavela ó completo: Xan Quinto "o vello", Maninocente e Calamity Jane celebran este día tan esperado, mais... un cobizado tesouro agóchase moi preto e só ela sabe o segredo. Precisa da túa colaboración... Atrévete?

Trátase dun contacontos interactivo onde a danza e a música se funden coa natureza, poñendo en valor a amizade e a perspectiva de xénero.



FOTO: XAIME CORTIZO

Natural de Cangas do Morrazo. Actor, improvisador, malabarista, clown, docente e narrador oral. **Dani Blanco** formouse a medio camiño entre Santiago de Compostela e Bos Aires. Fundador da compañía de circo Assircópatas no ano 2003 coa que percorreu máis de 15 países con diferentes espectáculos ata o de agora. Membro tamén da compañía de circo Muu e da compañía de teatro Diáspora escena. Ademais fundou a compañía de improvisación teatral Themomento impro.

Comezou da narración oral no 2017, en gran parte grazas a Soledad Felloza, e desde aquela non para de contar en bibliotecas, bares, teatros e alí onde o queiran escoitar. Nos seus contos mestura a realidade co fantástico. Participa de xeito regular no Festival Atlántica desde o ano 2019.

CIRCO DE CONTOS | Infantil e familiar (+4 anos)

Contos que te van a encher e cos que non vas poder pechar os ollos. Rir, emocionarte, sorprenderte e sobre todo desfrutar

DANI BLANCO E ZÉ PUMAR

GALICIA



Dani Blanco é pallaso, bufón, improvisador e narrador oral. Adentrase noutros campos coma a improvisación ce actúa nas montaxes do CDG e participa en festivais internacionais. Tamén conta, participando en festivais, escribindo os seus propios contos para público adulto e infantil.

Zé Pumar estudou Historia e Ciencias da Música nas universidades de Salamanca e Lisboa e a especialidade de piano nos conservatorios de Cangas e Santiago de Compostela. Leva máis de 20 anos exercendo como profesor de música no ensino secundario compatibilizando esta actividade coa participación en diferentes proxectos musicais dos que destacan os grupos Na Virada, Pumar e Prieto, Pardal na rúa e, actualmente, Mediarea. Compuxo música para teatro en dúas ocasións (*María Soliña - O desembarco*, producida por Teatro de Ningures en 2009 e *Alicia e Alicia* de Producións Artística en 2010). Malia ser multinstrumentista, nos últimos anos inclínase polo acordeón como instrumento principal e pola música tradicional, jazz e música contemporánea como xéneros referentes.

CONTOS DE REVOLUCIÓN. ENTRE BRASSENS E NEIRA VILAS | Adultos

Disque cando unha bolboreta axita as súas ás en Australia, pode provocar un furacán en América. Tamén chamada teoría do caos. A revolución do caos, non chega cunha bolboreta, nace con Neira Vilas, mellor con *Memorias dun neno labrego*, e xa non hai volta, arrástrao todo. Unha revolución que nos vai levar desde Bos Aires ata a caída do muro de Berlín. Esta viaxe vai facer parada en maio do 68, nas barricadas de París, na chegada dos Tamara a sala Olympia e nos movementos anarquistas acompañados de Brassens. Unha banda sonora en francés que nos vai acompañar neste camiño da revolución provocada por *Memorias dun neno labrego*.



Inma Soto é unha educadora ambiental de Ourense e afincada en Miraz (Xermade) dende hai seis anos. Leva máis dunha década traballando na sensibilización ambiental a través de charlas ou roteiros guiados e interpretados.

No 2022 publicou con por Clara Cerviño, ilustradora científica e bióloga, o libro 'Xela a superheroína de aldea'. Esta obra amosa as vantaxes de vivir na aldea, pon en valor os recursos que existen no noso territorio e quere que todas as nenas e nenos sintan fachenda do seu patrimonio natural e cultural.

XELA A SUPERHEROÍNA DE ALDEA | Público infantil e familiar

Na aldea hai unha chea de aventuras desexando ser vividas. Calza as botas, explora a natureza que te rodea e quererás coidala sempre.



Larraitz Urruzola é actriz e titiriteira desde 1989. Nestes 35 anos de traxectoria profesional, fundou e formou parte das compañías Teatro Buratini e Teatro Babaluva, e colaborou en proxectos doutras entidades como Fantoche Baj, Os monicreques de Kukas, Os Quinquilláns, Cachirulo, Urgu y Bluff Teatro do Liló ou Excentricas, entre outros. Desde 2013, xa en solitario, está á fronte de Larraitz Urruzola Producións Artísticas, acadando grande éxito coas montaxes *O Crebanoces*, *A viaxe de Rosalía*, *Dona Barriga Verde* e *Fábulas da montaña*.

A súa compañía é un proxecto persoal que ten como piares a propia actriz, a súa capacidade narrativa, os títeres tradicionais, os contidos con perspectiva feminista e as protagonistas femininas como Rosalía de Castro, Concepción Arenal ou Dona Barriga Verde. Todos estes elementos diferenciais amosan unha aposta clara por visibilizar a pegada dos referentes femininos nas artes e no activismo social.

Como membro da Asociación Cultural Morreu o Demo, traballa en diversas accións formativas e de sensibilización para a recuperación do títere tradicional, asumindo tamén o labor de responsable de produción do Festival Titiriberia.

HISTORIAS DE IDA E VOLTA Familiar (+5 anos)

ESTREA
GALICIA

Neste repertorio Larraitz compartirá historias que foi descubrindo no seu percorrido vital entre a súa Euskal Herria natal e Galiza. Un paseo emocional de ida e volta con cosmovisión feminista. Contos populares, mitoloxía e tradicións de ambas identidades culturais.

LORENA PINHEIRO

GALICIA



Lorena Pinheiro naceu en Meder, nunha casa grande con tenda e bar, sempre chea de xente noite e día. Alí aprendeu a aplicar o método da súa avoa Saladina: escoitar as últimas novidades da parroquia para captar toda a atención da familia durante os xantares dos domingos. Co paso dos anos, decatouse de que perfeccionando ese método podía vivir do conto sendo ela mesma, contando aquilo que a conmove, narrando dende a perspectiva das que ocupan o lugar das de abaixo.

É unha das novas voces da narración oral galega e ten participado en eventos como o Festival Falando a Boca Chea da Coruña, o Falar por Falar de Pazos de Borbén, o Festival Atlántica, o Sete Falares, o programa da TVG Luar, a Casa das Conchas en Salamanca, o Entre Verbas, así como en centros de ensino, bibliotecas e numerosos centros culturais.

Forma parte do colectivo de narración oral NOGA dende os seus inicios e complementa a súa actividade como narradora co proxecto de intervención comunitaria Pensatempos.

CUCÚ TAPA O CU | Familiar (+4 anos)

Obradoiro familiar cheo de xogos e enredos da noso patrimonio cultural inmaterial como son os contos, trabalinguas, adiviñas, recitados, cantiga e bailes de roda gardados na memoria das persoas máis vellas.

Sesión chea de ritmos, rimas e recordos que viven en nós dende incluso antes de nacer como é o pun, pun do corazón xestante. Nesta actividade as familias poderán adquirir ferramentas parabrincar coas crianzas en calquera contexto e lugar. A lingua é o xogo máis accesible e versátil.

Actividade recomendada para familias con crianzas a partir de 4 anos. Adaptable a grupos de maior idade.

LUÍS PREGO E SAMUEL SOTO GALICIA



Luís Prego é mestre de baile e música tradicional dende 1989. Estudoso e investigador do folclore tradicional galego. Autor dos libros *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008), e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013). Creador e administrador do grupo de Facebook Baile e música de Galiza e da páxina *Un punto ao día con Luís Prego*.

Fundador e primeiro director do grupo O Fiadeiro de Vigo. Director dos grupos Albendeira, Tralovallo e Adonairare, entre outros. Director do Orfeón Mariñeiro do Berbés (da A.VV. do Casco Vello de Vigo). Ex director dos grupos Brincadeira de Santiago de Compostela e A Buxaina de Vigo. Membro do grupo de música folk Ardentía.

Ao longo da súa traxectoria ten impartido cursos e obradoiros de música e baile tradicional en numerosos centros galegos da diáspora: Arxentina, Perú, Brasil, Francia, España e Portugal.

Na actualidade continúa a súa actividade docente nas disciplinas de gaita, requinta, acordeón, percusión, baile tradicional, canto tradicional e canto coral.

Samuel Soto, natural de Quiroga, é un compositor multiinstrumentista membro de bandas de renome do panorama folk galego.

NA PUNTA DO PÉ | Familiar (+4 anos)

Sesión que achegará cantigas, recitados, danzas e xogos cantados e bailados para iniciar aos cativos e cativas nas melodías e ritmos tradicionais, traballando a psicomotricidade, o sentido do ritmo e desenvolvendo unha actividade musical en grupo.

As cantigas estarán acompañadas por música en directo, presentando aos participantes os diversos instrumentos empregados..



FOTO: SOLE FELLOZA

Manuel Gago (Palmeira, Ribeira, 1976), é xornalista, escritor e comisario de exposicións. É director de culturagalega.gal, a plataforma de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Os seus últimos libros son a novela Nus (Xerais, 2021) e O sangue das pantasma (Festival Atlántica e Librería Couceiro, 2020). A súa última exposición é Galicia, un relato no mundo (Museo Gaiás, 2019). No ámbito da divulgación científica e cultural mantén colaboracións radiofónicas na Radio Galega e columnas en La Voz de Galicia, El Progreso e Diario de Pontevedra e é membro dos grupos de investigación en Novos Medios da USC e Romanarmy.eu.

MAPA DE SERES MÁXICOS DO REINO DE GALICIA | Adultos | Con Rafael Quintía

ESPECIAL ATLÁNTICA

Plasmar nun mapa de Galicia unha escolma do rico imaxinario tradicional galego, cheo de seres máxicos que ás veces se estenden por toda a xeografía, outras están apegados a un antigo sitio arqueolóxico ou accidente xeográfico e nalgúns casos xa morreron, e deles só fica a súa memoria na antiga documentación. Ese é o obxectivo do mapa 'Seres máxicos do reino de Galicia', un póster que quere contribuir a amosar a diversidade de figuras míticas da nosa cultura e axudar a que sexan coñecidas e difundidas polas novas xeracións.

O mapa, guionizado por Manuel Gago e ilustrado por Leandro Lamas, será presentado por Manuel Gago, acompañado polo antropólogo Rafael Quintía, quen amosará a cultura material que a sociedade tradicional galega vinculaba con algún destes seres.

Con antelación á propia presentación, convidámosvos a un paseo por Compostela cos conferenciantes, para coñecer a pegada da fantasía e dos seres fantásticos na cidade de Santiago.

MARÍA DA PONTRAGHA

GALICIA



María da Pontragha é o alcume de María Iglesias, unha educadora e antropóloga que dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose na recuperación e actualización das historias populares e de tradición oral e cun gusto especial polas historias que se centran nas mulleres do país. É ademais percusionista e vocalista nos grupos Boubá e Lévedo, e vocalista no grupo Sacha na horta.

CONTOS DE VELLXS PUNKIS PARA ENCARREIRAR Á MOCEDÁ | +12 anos

Que hai máis punki ca un vello? unha vella?
As nosas avoas e avós son as protagonistas dos
contos máis punkis e rebeldes que poidas
imaxinar... non o dubides.

Non teñen nada que perder, tiveron unha vida
dura pero soubérona levar entre risas e loitas.

Déixate guiar cos seus contos, que te han
encarreirar polo bo camiño!

MARÍA DA PONTRAGHA E MIGUELÓN PAZ

GALICIA



María da Pontragha é o alcume de María Iglesias, unha educadora e antropóloga que dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose na recuperación e actualización das historias populares e de tradición oral e cun gusto especial polas historias que se centran nas mulleres do país. É ademais percusionista e vocalista nos grupos Boubá e Lévedo, e vocalista no grupo Sacha na horta.

CONTOS DAS TASCAS | Público adulto

Contos dos que nacen nas tabernas, entre camaradas. Cheos de personaxes que levan á tasca as súas crenzas, as súas vidas cotiás e os contos de veciños mentres comparten unha volta. Contos que dan vida e che fan rir e cantar.

PABLO SÁNCHEZ ‘PABLÍSIMO’ GALICIA



Pablísimo é unha compañía especializada en narración oral, teatro de animación á lectura e teatro infantil creada polo actor, dramaturgo e contador de historias Pablo Sánchez. Os seus espectáculos, de pequeno e mediano formato, toman sempre como base a literatura infantil a través de contos clásicos, contemporáneos, e contos de creación propia.

Pablísimo leva producidos máis de vinte espectáculos misturando neles monicreques, música en vivo, teatro de sombras, video e narración oral. E ten participado en diferentes mostras e festivais.

CABICIVAI | Familiar (+3 anos)

Cabici vai subindo e baixando
ca bici vai de acó para alá
ca bici vai carretando as historias
ca bici vai a golpe de pedal

Cabicivai é un espectáculo sobre rodas, unha bicicleta, un Kamishibai e tres caixóns dos que pode saír calquera cousa!!



FOTO: XAIME CORTIZO

Paco Nogueiras é un músico convertido a actor e un actor convertido en músico. Ao longo da súa traxectoria profesional, pasou por diversas formacións teatrais e musicais que o levaron a escenarios nacionais e internacionais. Combinou este labor coa de monitor de teatro e compositor para espectáculos entre os que cabe destacar a realización da banda sonora da serie infantil emitida na TVG 'Planeta fantasía'.

Os diferentes rexistros de Paco Nogueiras convérteno nun ser de espectáculo "todoterreo" capaz de afrontar retos de calquera tipo.

C@NTO CONTIGO | Infantil (+3 anos) | Concerto

Un espectáculo onde Paco Nogueiras fai un percorrido por cancións dos seus traballos "Brinca vai!", "Radio Bulebule" e "Extra!" sacando a nosa lingua a voar de xeito lúdico e divertido. Neste grandes éxitos hai retrousos e cancións para participar activamente, bailando sen complexos, acompañando coa voz, coas palmas ou con acenos.

Paco Nogueiras chega acompañado dos seus instrumentos facendo un percorrido por un amplo abano de estilos musicais, dende o techno ao rock, pasando polo reggae ou a música electrónica, aínda que sen esquecer as influencias tradicionais.

C@nto contigo convértese así, nunha oportunidade de cantar con amigos e amigas nun particular concerto onde a música e o humor transformará o escenario nunha festa moi especial onde ti es protagonista.

C@nto contigo viaxará alí onde alguén queira cantar, rir, bailar ou simplemente escoitar coas mans e as orellas ben abertas! Así que ... colle aire, saca o teu mellor sorriso e... cantemos!



Paco Cerdeira (músico, compositor e produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 13 anos, que comezou os seus pasos como membro de Mamá Cabra. Logo formaría a súa propia banda de música infantil: A Gramola Gominola,

No ano 2015 comeza a traballar no seu proxecto persoal en solitario, Pakolas, e nace así unha nova proposta para espectáculo individual. Segue traballando así con letras e composicións propias e mergullándose no mundo dos contos. O seu primeiro libro-cd en solitario, do mesmo título que o seu nome, "Pakolas" é editado pola Ed Galaxia (Sonárbore) en Novembro de 2017, co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA).

Son 10 composicións, no que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica, non so de contar historias e contos e interpretalas músicas nos espectáculos. En 2020, e na mesma colección Sonárbore, sae editado o seu segundo libro-disco titulado "Ramona Órbita. A dona do tempo". En 2023 sae editado o terceiro traballo en solitario de Pakolas, 'A Ramona pequena vai á lúa', unha nova entrega das historias da súa labrega inventora favorita, Ramona Órbita.

AS MÁIS MOLONAS DE PAKOLAS | Público familiar | Concerto

Un espectáculo que recolle as cancións máis aclamadas da súa discografía polo público infantil.

Neste concerto, Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e da guitarra, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.



Pavís Pavós formouse como grupo de contacontos para público infantil no ano 1996 en Pontevedra. Traballa principalmente en Galicia con contos en galego e tratando de recuperar cantos, contos, adiviñas, refráns, fraseoloxía e xogos propios da nosa tradición. Tamén inclúen nos seus espectáculos contos de nova creación e formatos contemporáneos. Por outra banda, a compañía adícase o labor da recuperación da oralidade e entre a súas tarefas tamén está a de recuperar as versións orixinais dos contos clásicos para que non desaparezan. Pavís Pavós está formado por Tareixa Alonso e Xacobe Rodríguez.

No ano 2005 acadou o premio Xoán Manuel Pintos polo compromiso coa lingua e desde 2012 coordina o Festival Sete Falares en Pontevedra.

CONTOS PARA ORELLAS ABERTAS | Infantil e familiar (+4 anos)

Sesión de contos maravillosos para viaxar por un mundo máxico. Cando abres ben as orellas podes escoitar historias de xigantes e ananos, bruxas e trasnos, apócemas máxicas, viaxes maravillosas, princesas e dragóns... Queres abrir moito, moito as orellas para viaxar por este mundo máxico?



FOTO: MIGUEL MUÑOZ

Quico Cadaval é unha das figuras máis destacadas da escena cultural galega contemporánea, cunha traxectoria que abarca o teatro, a narración oral e a televisión. Formado no ámbito teatral desde finais dos anos 70, comezou a súa carreira profesional no Centro Dramático Galego e axiña fundou a súa propia compañía, O Moucho Clerc, coa que explorou novos formatos escénicos e dramatúrxicos.

Como director teatral, Cadaval é coñecido por levar aos escenarios tanto adaptacións de clásicos universais, como Shakespeare ou Valle-Inclán, como textos contemporáneos e creacións propias.

No campo da narración oral, consolidouse como un referente internacional, cun estilo persoal que mestura tradición popular, humor, memoria e reflexión, ao xeito dun cabaré literario. Actuou en numerosos festivais dentro e fóra de Galicia, destacando pola súa capacidade de capturar o público coa palabra viva.

Ao longo da súa carreira, Cadaval ten contribuído decisivamente á proxección da cultura galega, converténdose nun clásico contemporáneo da oralidade escénica.

AUTOESTRADAS E CORREDOIRAS | Público adulto

En *Autoestradas e corredoiras*, Quico Cadaval presenta un repertorio que circula desde as camiñadas dos tempos de antes cos seus encontros imprevistos, ás etapas automobilísticas cos seus choques e cachizas de parabrisas. Unhas peixeiras co cesto á cabeza que teñen unha abraiante visión nocturna, un xeneroso condutor que sae da néboa para auxiliar aos feridos dun accidente múltiplo e o clásico moderno: un autostopista que ve como ven cara a el un vehículo que endexamais atopara antes.

Non descartamos que teñamos breves informacións sobre romarías, barracóns de monstros, ideario anarquista, polos de desenvolvemento franquista, a fotografía rural, protocolos hospitalarios, e centos de pensamentos que lle veñen á cabeza a quen escoita una historia.

A PEGADA DE CASTELAO | Adultos **Roteiro narrado con Carme Varela**

Un paseo narrado pola Compostela de Castelao para ver que nos contan as pedras e as badaladas do reloxo da Catedral.





COLABORAN AS CALDUPEIRAS
(A.V. PORTO DO CABO)

Rafa Quintía é unha das voces máis singulares da antropoloxía galega contemporánea. Cunha mirada lúcida e fondamente comprometida coa cultura do país, leva anos explorando e narrando o imaxinario galego dende múltiples fronte: a investigación, a divulgación, a docencia e a creación audiovisual.

Dirixe a empresa Ab Origine, especializada na posta en valor do patrimonio inmaterial, e exerce como profesor na UNED.

A súa obra escrita abrangue máis de trinta libros, nos que se mergulla na mitoloxía, o simbolismo, a relixión popular e as crenzas tradicionais galegas. Tamén é autor de documentais que exploran rituais, festas e paisaxes culturais de Galicia, combinando sensibilidade estética e rigor académico. Premiado en diversas ocasións —entre outros, co Ramón Piñeiro de Ensaio ou o Vicente Risco de Ciencias Sociais—, exerce como presidente da Sociedade Antropolóxica Galega e destaca como un dinamizador activo do coñecemento popular e do patrimonio invisible.

A súa participación no Festival Atlántica é unha oportunidade para escoitar como a tradición cobra nova vida cando se conta dende o respecto, a paixón e o coñecemento profundo.

NO PAÍS DAS COUSAS MARABILLOSAS

Adultos | Coas caldupeiras da Asociación Veciñal Porto do Cabo

Rafa Quintía convida a descubrir o fascinante mundo dos amuletos galegos nunha sesión moi especial onde se mesturan maxia, menciña popular e narración oral. Non é unha charla ao uso: é unha viaxe chea de contos, lendas e saber tradicional. Unha sesión onde cada historia nos conecta co coñecemento ancestral herdado dos nosos devanceiros. Quintía ten o don de facer que escoitar sexa lembrar: rescata o que fomos e fainos rebuscar nas nosas memorias, cun estilo ameno, próximo e apaixonado. Un encontro para gozar, sorprendernos e recoñecer a forza da tradición que aínda vive en nós.

A **A.V. Porto do Cabo** está a recuperar a tradición das *caldupeiras*, as mulleres que no tramo final do camiño ao santuario de San Andrés de Teixido preparaban caldo quente ao aire libre e ofrecían a peregrinos a cambio dunha pequena moeda —popularmente un “patacón” ou uns céntimos— para reconfortalos despois da camiñada.

MAPA DE SERES MÁXICOS DO REINO DE GALICIA | Adultos | Con Manuel Gago

Andaina narrada por Compostela e presentación do mapa.

ESPECIAL
ATLÁNTICA

ESPECIAL
ATLÁNTICA



Sole Felloza é unha narradora multidisciplinar que leva máis de 30 anos enchendo escenarios de tres continentes co poder da palabra. Dirixe o Festival Atlántica e, dende Galicia, a súa terra de adopción, impulsa a descentralización cultural. As súas historias, nadas da escoita e da observación, dan voz especialmente ás mulleres silenciadas, rescatando a memoria colectiva. Transita entre narración, teatro e documentación patrimonial cun único obxectivo: contar para quen queira escoitar e manter viva a nosa identidade.

MEMORIAS DO LUME | Adultos
Un exercicio de autonarración



"Todo o que conto aconteceu, só que eu conto ao meu xeito", diría Galeano. E eu tamén. Porque o que traio son historias cociñadas a lume manso, herdadas, escoitadas, soñadas ou aparecidas mentres se remexe unha pota ou se agarda pola lúa nova na horta.

Hai memorias que se borran, que non entran nas estatísticas, voces que non figuran nos libros oficiais. Pero existen. E, mentres as conto, existo tamén eu.

Son relatos que se amasan con tempo, con silencio, que medran entre os rescoldos, tizóns que agardan por un sopro para acenderse de novo.

Neste século do vento, que todo o quere levar, "Memorias do lume" é un intento de recoller o que queda, de dar forma co corpo e a voz a esas narracións que se resisten a morrer. É memoria viva, de preto, que se fai mentres adubo o ruído da vida.

Porque, ao fin e ao cabo, contar tamén é unha forma de cociñar: un xeito de alimentar o que somos e manter aceso o lume do que podemos ser.

Cando a memoria está viva, non contempla a historia, convida a facela.



Susana Garrido Pombo é unha cantante, músico e compositora galega. O seu estilo musical abrangue diversos xéneros con matices de bossa, folk, jazz ou latin. As súas actuacións configúranse como unha proposta íntima e próxima onde as cancións e as historias se entretecen porque cantar e contar son parte da vida.

No ano 2019 publica o seu primeiro álbum en solitario, 'Quedo a vivir aquí', e obtén o primeiro premio no Concurso Fran Narf da Deputación da Coruña (2018). No 2019 faise co Premio Martín Códax na categoría de Música de autora (2019). A finais do 2022 sae o seu novo disco "Patios de luz" onde as protagonistas son as veciñas, a comunidade, o espacio común, a emigración do campo á cidade, as hortas, os patios de atrás e a luz.

Con este novo traballo acada de novo o Premio Martín Códax na categoría de Música de autora (2023) e realizou numerosos concertos pola península, incluída unha xira en Irlanda no outono de 2023.

PATIOS DE LUZ | Adultos

A Estrada que levaba do Eirado ó patio de luces tiña máis de cen curvas, era a estrada pola que marcharon as miñas veciñas, os meus avós, bisavós, tataravós, nós. E pola que volvemos.

Patios de luz é un percorrido por esas estradas de ida e volta, da aldea a cidade e dos patios de luces de volta á cortiña. Nos que as cancións e as historias van entretecéndose para contar e cantar unha historia común, a da emigración da aldea ós barrios e onde as protagonistas son as veciñas, a comunidade, o día a día, as hortas, o doméstico.

Porque os patios son as partes de atrás, onde dan as cociñas, onde se esconden as cousas que non se queren ensinar, onde se bota a roupa, a parte que nen sequera se pinta. Son o oposto ás fachadas. Onde pasan cada día miles de historias comúns que merecen ser cantadas, contadas e celebradas.

Os patios de luz son os nosos teatros.

VERO RILO E LUÍS IGLESIAS

GALICIA



Vero Rilo é narradora oral. Antes era educadora infantil, pero quitouse diso. Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerías para todo tipo de público. A música está moi presente nos seus traballos a dúo aínda que, por máis que o intente, nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Tamén conta soa, é na variedade que atopa o gusto.

Feminismo, tradición, memoria histórica, resistencia, alegrías, afectos e rebeldías aparecen consciente e inconscientemente no seu repertorio. Sempre lembra as palabras de Castelao “cada vida é una novela que se perde”. Se cadra é por iso que conta para non perder. E conta o que aprendeu a ser, o que outras foron, o que son. Conta o que a (con)move, di que así a memoria non morre...

Luís Iglesias ten unha formación musical heterodoxa, estudando Jazz no Taller de músicos de Madrid, así coma en Estudio Escola de Música en Santiago de Compostela. Estuda guitarra clásica co mestre Rubén Abel e solfexo segundo o método Kodaly da man de Sergio de la Osa. Participa en múltiples bandas de estilos tan diversos coma folk ou rock: Brandelia, La Pelvis, Reino Animal, Tri Kornio...

Formado tamén como técnico de luces e son traballa coas compañías de títeres A Xanela do Maxín ou Títeres Cachirulo exercendo múltiples funcións, coma músico e técnico. Impulsa o proxecto Estudios Potemkin, creando un novo e multifuncional espazo cultural e estudo de gravación en Santiago de Compostela.

CACHO ANIMALADA | Familiar (+3 anos)

Vero Rilo e Luís Iglesias aventúranse nun camiño diverso, transitado por contos da nosa tradición oral, versións libres e revisitadas dos *Contos de Fadas* de Ángela Carter, contos de autor/a que xa son clásicos da literatura e álbum ilustrado infantil...

Todo o repertorio vai da man da música, da ledicia, dos animais e, por que non?, de certas animalas... Son tempos de soltar as melenas e contar, cantar, bailar e correr coas feras que levamos dentro. Raposos, merlas, toupas, nenas, nenos... correde con nós?

VERO RILO E SANTI CRIBEIRO GALICIA



Vero Rilo é narradora oral. Antes era educadora infantil, pero quitouse diso. Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerias para todo tipo de público. A música está moi presente nos seus traballos a dúo aínda que, por máis que o intente, nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Feminismo, tradición, memoria histórica, resistencia, alegrías, afectos e rebeldías aparecen consciente e inconscientemente no seu repertorio. Conta para non perder. E conta o que aprendeu a ser, o que outras foron, o que son. Conta o que a (con)move, di que así a memoria non morre...

Santi Crieiro. Malia a que se formou como pianista, o seu instrumento predilecto sempre foi o acordeón. Comezou a tocar dende bastante novo con Debadoira na súa vila, Cedeira. Máis adiante trasládase a Vigo, onde se integra no Grupo didáctico de Instrumentos Populares da Universidade Popular de Vigo.

A comezos dos 90 cofunda Matto Congrio con, entre outros, Anxo Pintos, Isaac Palacín e Carlos Núñez. En 1995 é un dos cofundadores de Berrogüetto. Tamén ten colaborado con Uxía Senlle, A Banda das Crechas, Fuxan os Ventos ou Anubía. Dende o ano 2019 fai parte da banda folk Os d'Abaixo cos que grava o disco "Somos Pedra".

LAVANDEIRAS | Público adulto

As mulleres á beira do río, de xeonllos, fregando a roupa, tecen unha estampa que se repetiu, forzosamente, ao longo da nosa historia. Ao seu redor, as lendas e as historias sucédense por toda a nosa xeografía, tanto física como identitaria: dende as lavandeiras nocturnas enchoupadas en sangue até o traballo colectivo das lavandeiras de Redondela, na Illa de San Simón.

Memoria histórica, igualdade, historias de vida, augas correntes, algo do que se calou e todo o que queremos contar e cantar para poñer as roupas a clareo.

NOVAS VOCES

GALICIA



AÍDA COBAS

Aída Cobas é actriz, narradora oral e creadora escénica. Descubriu no teatro, desde ben pequena, unha canle para expresar a súa sensibilidade e vencer a introversión. A interpretación converteuse cedo na súa vocación, e formouse en arte dramática coa certeza de que o camiño persoal e o artístico van da man.

Tras rematar os estudos, viaxou a Bos Aires onde seguiu formándose e medrando como artista. Á súa volta a Galicia, iniciou novos proxectos escénicos e completou un máster en teatro e artes escénicas.

Na actualidade, Aída continúa a súa traxectoria con compromiso e paixón, tanto desde a creación como desde a aprendizaxe continua. En Atlántica, dá un paso máis abríndose á narración oral para adultos despois dunha primeira etapa vencellada ao público infantil.



DANI LAGO

Dani Lago é actor e veterinario, ou viceversa, porque ás veces xa non ten claro se é o veterinario quen sustenta ao actor ou se é o actor quen, en certos momentos, salva ao veterinario. A súa traxectoria como actor comezou cando era un cativo, tanto no ámbito teatral como no audiovisual. A carreira veterinaria chegou despois, pero non por iso resulta menos intensa nin significativa.

Que relación ten todo isto coa narración oral? Pois moita: o veterinario escoita historias —ás veces mesmo as vive na propia pel—, mentres que o actor sente a necesidade de compartilas. Ademais, desde moi novo sentiu unha especial ilusión por contar e estar en escena.

Nos últimos anos a vida púxoo en contacto con Santi Prego, quen tamén se converteu en mestre. Así, entre unha cousa e outra, aquí está: con nervios e respecto, pero tamén coa ilusión e as ganas dun neno.




NURIA VÁZQUEZ

Nuria Vázquez ten 22 anos e naceu na Coruña. Desde pequena foi unha rapaza tímida, pero con moito que contar; falaba tanto que lle puxeron o alcume de “o loro” —aínda que non por elección propia. Desá fala constante naceu o seu amor pola palabra, unha paixón que se foi alimentando nas clases de teatro ás que a levou a súa nai.

Foi nese espazo onde descubriu o pracer de contar e a forza das historias transmitidas polos seus avós. Actualmente cursa 3º de Interpretación Textual na ESADg de Vigo e dá os seus primeiros pasos como narradora oral, mantendo sempre presente aquela voz que lle arroupaba con contos durante a infancia.

O seu desexo de contar nace do compromiso de manter viva a memoria: a da voz que coída, que une e que transforma.



ROTEIROS

7 ACTIVIDADES

CONCIBIDAS ESPECIALMENTE PARA ATLÁNTICA

DIVERSAS

PASEOS URBANOS | RUTAS POR MAR | EN CASTROS | EN PETRÓGLIFOS

EN 5 CONCELLOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA | FERROL | OURENSE | DODRO | VIMIANZO

MAPA DOS SERES MÁXICOS DO REINO DE GALICIA

MANUEL GAGO E RAFA QUINTÍA GALICIA



Manuel Gago é xornalista, escritor e comisario de exposicións. É director de culturagalega.gal, a plataforma de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor na Universidade de Santiago de Compostela. No ámbito da divulgación científica e cultural mantén colaboracións con diversos medios e é membro dos grupos de investigación en Novos Medios da USC e Romanarmy.eu.

Rafa Quintía é unha das voces máis destacadas da antropoloxía galega contemporánea. Cunha traxectoria que combina investigación, divulgación, docencia e creación audiovisual, leva anos afondando no imaxinario galego e no patrimonio cultural do país.

Dirixe Ab Origine, empresa centrada na posta en valor do patrimonio inmaterial, e é profesor na UNED. Autor de máis de trinta libros sobre mitoloxía, simbolismo e crenzas populares, tamén realizou documentais que mesturan sensibilidade estética e rigor académico. Premiado en diversas ocasións, preside a Sociedade Antropolóxica Galega e destaca como dinamizador do patrimonio invisible.

MAPA DOS SERES MÁXICOS DO REINO DE GALICIA

ESPECIAL ATLÁNTICA

O mapa, guionizado por Manuel Gago e ilustrado por Leandro Lamas, será presentado por Gago, acompañado polo antropólogo Rafael Quintía, quen amosará a cultura material que a sociedade tradicional galega vinculaba con algún destes seres.

Con antelación á propia presentación, desenvolverse un paseo por Compostela cos conferenciantes para coñecer a pegada da fantasía e dos seres fantásticos na cidade. O paseo rematará no CSC Maruxa Coralia onde terá lugar a presentación.

A PEGADA DE CASTELAO

CARME VARELA E QUICO CADAVAL GALICIA



Carme Varela é filóloga e xestora cultural cunha ampla traxectoria en produción teatral e comunicación. Traballou na Fundación Castelao, en compañías como Ollomoltranvía e Mofa e Befá, e foi directora de produción no Centro Dramático Galego. Desde 2007, colabora con Atlantis Multimedia en proxectos audiovisuais e publicitarios.

En 2010 fundou a asociación O Sorriso de Daniel, onde naceu *As desterradas*, o seu primeiro texto teatral, gañador do Premio Álvaro Cunqueiro. En 2022 foi recoñecida co Premio Selic por *Faise o escuro*.

Quico Cadaval é unha das figuras máis destacadas da escena cultural galega contemporánea, cunha traxectoria que abarca o teatro, a narración oral e a televisión

No campo da narración oral, consolidouse como un referente internacional, cun estilo persoal que mestura tradición popular, humor, memoria e reflexión, ao xeito dun cabaré literario. Actuou en numerosos festivais dentro e fóra de Galicia, destacando pola súa capacidade de capturar o público coa palabra viva. Ao longo da súa carreira, Cadaval ten contribuído decisivamente á proxección da cultura galega, converténdose nun clásico contemporáneo da oralidade escénica.

A PEGADA DE CASTELAO Roteiro narrado | Adultos



Castelao viviu nove anos en Santiago de Compostela. Foi "Cando na Casa de Lea había bo viño e na Casa das Crechas servían bos callos, cando o Señor Benito era velleiro do Toral, cando Rey Varela se metía cos socios do Casino, cando se sacaba o esterco polas noites e os serenos cantaban a hora".

Daqueles nove anos o de Rianxo lembraba no exilio bonaerense que tivera "fartura de ledicias no corazón e non-nos tollía ningunha tristura". Imos pasear a Compostela de Castelao e ver que nos contan as pedras e as badaladas do reloxo da Catedral.

FERROL NA HISTORIA: A SÚA IGREXA DE SAN XIAO

MARGARITA SÁNCHEZ YÁÑEZ GALICIA



Margarita Sánchez Yáñez é licenciada en Historia pola universidade de Salamanca. Na actualidade é profesora xubilada. Escribe habitualmente en Estudios Mindonienses dende a súa fundación e colabora en diferentes revistas e publicacións. É autora dos seguintes libros: *Historia del culto cofradía y santuario de Nuestra Señora de las Angustias de Ferrol*, *O romance da urca de Santo Antón*, con Ramón Mariño e Damián Suárez, e *La concatedral de San Julián*. Actualmente prepara o terceiro volume da historia de San Sadurniño e un novo traballo sobre a igrexa de San Xiao.

FERROL NA HISTORIA: A SÚA IGREXA DE SAN XIAO



Partirase dun punto entre o peirao e a praza pública. Salientaremos a feitura de Ferrol nos arredores de 1750, as rúas e o lugar onde estaba a igrexa vella e o porqué se destrúe. Seguiremos por Circunvalación ata chegar á igrexa concatedral de San Xiao. Comentarase o solar, a súa construción, as correspondencias entre o exterior e o interior e analizarase o interior nos seus detalles arquitectónicos, decorativos e simbólicos e outros detalles daquel tempo, ata a precipitada bendición da obra en 1772.

O PORTO ILUSTRADO

RUTA EN BARCO POLA RÍA FERROLÁ

GUILLERMO LLORCA FREIRE GALICIA



Guillermo Llorca foi profesor numerario de instituto ata a súa xubilación. A súa obra de investigación e divulgación está publicada en máis de trinta libros, de autoría individual e compartida, e en centos de artigos en numerosos xornais e revistas. En canto aos seus traballos como historiador céntranse, principalmente, en temas e persoeiros relacionados con Ferrol. Algúns deles foron merecedores de recoñecemento institucional: *Origen del Patronazgo de San Julián sobre la ciudad de Ferrol* (Premio de Investigación Ingeniero Comerma do Concello de Ferrol, en 1985) e *Los partidos políticos en Ferrol durante la II República* (Premio de Investigación Jaime Quintanilla Martínez do Concello de Ferrol, en 1986).

No campo da narrativa, a novela *Cuando estalló la noche. El enemigo no sospechaba*, foi finalista del Premio Literario Fernando Arenas Quintela 2021; e *La noche decisiva. El regreso de Margaret Laughton* foi gañadora del Premio Literario Fernando Arenas Quintela 2023.

No 2022 foi coordinador local da exposición *Cidades no Tempo: Ferrol*.

O PORTO ILUSTRADO



Antes de embarcar na lancha imos deternos en comentar algúns dos lugares máis representativos do barrio de Ferrol Vello, o primeiro núcleo de poboación da cidade: a rúa do Castro coa orixe no castro marítimo, a rúa do Espírito Santo na orixe do Camiño Inglés e as vivendas mariñeiras de balconada de madeira, A Cortina, como parte do muro defensivo do Arsenal militar e a Sala de Armas, emblema da arquitectura neoclásica do século XVIII.

Ao longo do periplo marítimo imos falar da configuración xeográfica da ría como determinante na elección da Base Naval do noroeste peninsular no século XVIII. E tamén haberá tempo para A Graña (de primeiro arsenal e Estaleiro Real a partir de 1726 a Base Naval), a polvoreira do Vispón, as fortalezas defensivas dos castelos de San Felipe, San Martiño e A Palma, as baterías defensivas de San Carlos, San Cristovo, Cariño, Viñas, Caneliñas, Prioriño Chico e Doniños e, por suposto, Mugardos.

RÓTULAS URBANAS

ELVIRA CARREGADO PAZOS GALICIA



Elvira Carregado Pazos é arquitecta e desenvolveu traballos moi diversos, centrados especialmente no ámbito da rehabilitación, actividade que consolidou durante a súa etapa na Oficina do Casco Histórico de Ourense (1999-2007). Entre os seus proxectos destacan a piscina climatizada de Allariz en colaboración con Áurea Soto no 1998; o albergue para peregrinos en Sandiás, tamén en 1998; e a rehabilitación do coro da Igrexa de San Esteban de Sandiás (2007).

Desde 2007 exerce como arquitecta municipal no Servizo de Urbanismo do Concello de Ourense, Foi vogal de Urbanismo, Territorio e Función Pública do Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) entre os anos 2013 e 2019, e ocupou o cargo de Secretaria da entidade entre 2019 e 2023. Durante ese período, coordinou o espazo *Hai Mulleres*, xunto con outras compañeiras, especialmente nos últimos catro anos coa arquitecta Carmen Figueiras. Formou parte do Grupo de Traballo de Xénero do COAG e da Comisión de Xénero do Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España, representando esta institución en ACE Women in Architecture e UIA International Women in Architecture.

RÓTULAS URBANAS

Dende o nacemento dunha cidade, a historia e os que formaron parte dela deixan a súa pequena aportación.



O que hoxe habitamos é o resultado desa complexa e longa relación entre os pobos e o medio. Herdamos espazos froito dun lento proceso construtivo no que estiveron presentes todo tipo de variables, que condicionaron as intervencións humanas e as pegadas deixadas ao longo da historia. E é precisamente esa interacción concreta a que nos permite falar da identidade dun territorio.

Propoñemos un paseo "descubrimento" por ese Ourense, desenmascarando espazos, edificios, fitos que marcaron a historia urbana desta cidade, e que a fixeron como é.

Ás veces serán magníficas arquitecturas, outras arquitecturas desas que permanecen silandeiras e simplemente dan unha resposta correcta ao programa de necesidades e provocan felicidade. Ou prazas, rúas e cruces que percorremos na nosa vida cotiá e que quizais pola súa proximidade non apreciamos, lugares ao final da rúa e que non vemos, que pasan desapercibidos.

VISITA GUIADA AO CASTRO DAS BARREIRAS

ÁNGEL CONCHEIRO COELLO GALICIA



Ángel Concheiro Coello é licenciado na especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Na súa longa traxectoria profesional desenvolveu máis de 150 intervencións arqueolóxicas por toda Galicia.

Ten publicado numerosos artigos en revistas científicas sobre distintos aspectos da Idade do Ferro e o mundo dos gravados rupestres da Idade do Bronce, os seus dous principais campos de actuación, e unha monografía específica (Castro do Achadizo: cultura material, economía e subsistencia na Idade do Ferro).

No ámbito do castrexo dirixiu proxectos de escavación e conservación nalgúns dos xacementos máis senlleiros de Galicia: Castro do Achadizo (Boiro), Castros Pequeno e Grande do Neixón (Boiro), Castro de Baroña (Porto do Son), Castro das Barreiras (Vimianzo) e asentamento aberto de Valdamio (Os Ríós). Foi durante varios anos arqueólogo da Deputación Provincial da Coruña e actualmente é director técnico da empresa Arquestudio S.L.

VISITA GUIADA AO CASTRO DAS BARREIRAS

O Castro das Barreiras, en Vimianzo, é un dos enclaves castrexos máis destacados da Costa da Morte e nestes momentos atópase en plena campaña de escavación arqueolóxica.

ESPECIAL
ATLÁNTICA

Esta visita guiada permitirá coñecer os avances máis recentes da investigación da man do seu director, o arqueólogo Tito Concheiro. Un percorrido fascinante para achegarse á complexidade deste poboado fortificado e aos novos descubrimentos que están a saír á luz neste 2025.

A MEMORIA MILENARIA DOS PETRÓGLIFOS

MANUEL SANTOS ESTÉVEZ GALICIA



Manuel Santos Estévez é arqueólogo e doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en arte rupestre e arqueoloxía da paisaxe, desenvolve a súa investigación no Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC). A súa traxectoria destaca polo estudo dos petroglifos galegos e a súa relación co territorio, a memoria e a paisaxe sagrada. Participou en proxectos internacionais e publicou numerosas obras sobre a construción cultural da paisaxe en Galicia.

A MEMORIA MILENARIA DOS PETRÓGLIFOS

No marco do Festival Atlántica, Santos Estévez ofrecerá unha actividade especial centrada nos petroglifos de Bouza Badín, situados en Dodro. Estes gravados rupestres, declarados Ben de Interese Cultural, con deseños xeométricos e figuras zoomorfas, destaca polo seu emprazamento sobre o val do río Ulla e por conservar tradicións orais cuxa orixe podería estar na Prehistoria.



A actividade incluírá unha visita guiada ao sitio arqueolóxico, onde o investigador explicará o contexto histórico e simbólico destas manifestacións artísticas.

Esta proposta busca achegar ao público a riqueza do patrimonio arqueolóxico galego, promovendo a súa valoración e conservación.



1 XULLO

Panteón de Galegos Ilustres
Igrexa de San Domingos de Bonaval

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11.30-20.30 H



COMO DICÍA CASTELAO

Lectura pública de textos

CABODANO
1950-2025

© 2025

**AT
LÁN
TICA**

festival
internacional de
narración oral

PRENSA



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO

COLABORA



XUNTA DE GALICIA

FUNDACIÓN
CASTELAO



Museo do
Pobo Galego

A PEGADA DE CASTELAO

CARME VARELA E QUICO CADAVAL GALICIA



A PEGADA DE CASTELAO

Xoves 3 de xullo | 19.00

Roteiro narrado polas rúas de Compostela | Adultos | Galego



Castelao viviu nove anos en Santiago de Compostela. Foi “Cando na Casa de Lea había bo viño e na Casa das Crechas servían bos callos, cando o Señor Benito era vilheu do Toral, cando Rey Varela se metía cos socios do Casino, cando se sacaba o esterco polas noites e os serenos cantaban a hora”.

Daqueles nove anos o de Rianxo lembraba no exilio bonaerense que tivera “fartura de ledicias no corazón e non-nos tollía ningunha tristura”. Imos pasear a Compostela de Castelao e ver que nos contan as pedras e as badaladas do reloxo da Catedral.

INSCRICIÓN: <https://pegada-castelao.eventbrite.es>

Carme Varela é filóloga e xestora cultural cunha ampla traxectoria en produción teatral e comunicación. Traballou na Fundación Castelao, en compañías como Ollomoltranvía e Mofa e Befá, e foi directora de produción no Centro Dramático Galego. Desde 2007, colabora con Atlantis Multimedia en proxectos audiovisuais e publicitarios.

En 2010 fundou a asociación O Sorriso de Daniel, onde naceu *As desterradas*, o seu primeiro texto teatral, gañador do Premio Álvaro Cunqueiro. En 2022 foi recoñecida co Premio Selic por *Faise o escuro*.

Quico Cadaval é unha das figuras máis destacadas da escena cultural galega contemporánea, cunha traxectoria que abarca o teatro, a narración oral e a televisión

No campo da narración oral, consolidouse como un referente internacional, cun estilo persoal que mestura tradición popular, humor, memoria e reflexión, ao xeito dun cabaré literario. Actuou en numerosos festivais dentro e fóra de Galicia, destacando pola súa capacidade de capturar o público coa palabra viva. Ao longo da súa carreira, Cadaval ten contribuído decisivamente á proxección da cultura galega, converténdose nun clásico contemporáneo da oralidade escénica.



PROGRAMA*

80 FUNCIONES

ESTREAS | 4 ABSOLUTAS · 5 EN ESPAÑA · 6 EN GALICIA

ESPECTÁCULOS DE NARRACIÓN ORAL · CONCERTOS · ROTEIROS
LECTURA PÚBLICA DA OBRA DE CASTELAO · VERMÚ DE CONTOS

51 ARTISTAS

27 SEDES

A CAPELA · A CORUÑA · A ESTRADA · A POBRA DO CARAMIÑAL · ALFOZ · BETANZOS
BRIÓN · CALDAS DE REIS · CEDEIRA · CHANTADA · CUNTIS · DODRO · FERROL · IRIA
FLAVIA · MUGARDOS · ORDES · OURENSE · OUTES · PAZOS DE BORBÉN · RIBEIRA
SANTIAGO DE COMPOSTELA · SANXENXO · TEO · VIGO · VILALBA · VIMIANZO
ALDEAS DO CAMPO DO GERÊS (PORTUGAL)

9 DÍAS

3 LINGUAS

*PROGRAMA SUXEITO A MODIFICACIÓNS

BRIÓN

13 a 18 de xuño | CEIP Pedrouzos

- 13 de xuño | Pakolas (Galicia)
- 16 de xuño | Dani Blanco (Galicia)
- 17 de xuño | Inma Soto (Galicia)
- 18 de xuño | Paula Carbonell (Valencia)

16 de xuño | EEI Os Ánxeles | 10.00h | BAILARICO DE CONTOS | Cândida da Luz (Portugal)

ORDES

13 de xuño | 12.00 h | IES Ordes

CONTOS DE VELLXS PUNKIS PARA ENCARREIRAR Á MOCEDÁ | María da Pontragh (Galicia)

PAZOS DE BORBÉN

13 de xuño | 13.00 h | CPI Curros Enríquez

CONTOS ARREDOR DA TERRA de Alba Grande (Galicia)

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Venres 20 de xuño | 17.30 h | Aula Andrea do CHUS

CONTOS de Paula Carbonell (Valencia)

Exclusivo para pacientes e acompañantes de Pediatría

Sábado 21 de xuño | 12.00 h | Biblioteca Pública Ánxel Casal

UN NENO, UN CAN, UN GATO E UN PITO de Paula Carbonell (Valencia)

Público familiar (+3 anos) | Castelán

VIGO

Xoves 19 de xuño | 17.30 h e 18.30 h | Biblioteca Pública Juan Compañel

POMBAS, POEMAS E CONTOS de Paula Carbonell (Valencia)

Bebés (0-3 anos) | Castelán | Inscricións na biblioteca ou no 886 12 04 45

Sábado 21 de xuño | 12.00 h | Biblioteca Pública Juan Compañel

CACHO ANIMALADA de Vero Rilo e Luis Iglesias (Galicia)

Público infantil (+4 anos) | Galego | Inscricións na biblioteca ou no 886 12 04 45

LUNS 30 DE XUÑO

Luns 30 de xuño | 19.00 h | Teatro Principal
ARTILOXIOS de Oswaldo Pai (Zaragoza)
Público adulto e rapaces (+8 anos) | Castelán | De balde. Recollida de convites (max. 4 por persoa) desde o 24 de xuño na Zona C

Luns 30 de xuño | 21.00 h | Xardíns do CSC Maruxa Coralia
MEMORIAS DO LUME de Soledad Felloza (Galicia-Uruguai)
Público adulto | Galego

MARTES 1 DE XULLO

Martes 1 de xullo | 11.30 h a 20.00 h | Panteón Galegos Ilustres. Igrexa de San Domingos de Bonaval
COMO DICÍA CASTELAO [Lectura pública da súa obra]
Participación aberta. Inscripción: festivalatlantica.gal [Proximamente]

Martes 1 de xullo | 21.00 h | Xardíns do CSC Maruxa Coralia
TERMANDO DOS MARCOS de Bouba Pandeireteiras (Galicia)
Público adulto | Galego

MÉRCORES 2 DE XULLO

Mércores 2 de xullo | 12.00 h | CSC Marrozos
UN NENO, UN CAN, UN GATO E UN PITO de Paula Carbonell (Valencia)
Público infantil e familiar (+3 anos)

Mércores 2 de xullo | 12.00 h | CSC Vite
CIRCO DE CONTOS de Dani Blanco (Galicia)
Campamento do CSC e público familiar (+4 anos) | Galego

Mércores 2 de xullo | 12.00 h | CSC Santa Marta
CUCÚ TAPA O CU de Lorena Pinheiro (Galicia)
Campamento do CSC e público familiar (+4 anos) | Galego

Mércores 2 de xullo
MAPA DE SERES MÁXICOS DO REINO DE GALICIA con Gago e Quintía (Galicia)
• 18.30 h | Andaina narrada | Adultos | Inscripción: <https://mapa-seres-maxicos.eventbrite.es>
• 19.15 h | Presentación | CSC Maruxa Coralia | Adultos | Galego | Entrada libre

Mércores 2 de xullo | 21.00 h | Xardíns do CSC Maruxa Coralia
POLOS CAMIÑOS DO NORTE: UNHA PONTE DE CONTOS ENTRE TRES TERRAS CELTAS de Dani Lago (Galicia) e Inés Alvarez Villa (Escocia-Asturias)
Público adulto | Castelán e galego

XOVES 3 DE XULLO

Xoves 3 de xullo | 11.30 h | CSC Fontiñas
PROCÚRASE PEPA A LOBA de Cris Collazo (Galicia)
Campamento do CSC e público familiar (+4 anos) | Galego

Xoves 3 de xullo | 12.00 h | CSC da Gracia
 ANDAR AOS BIOSBARDOS de Charo Pita (Galicia)
 Campamento do CSC e público familiar (+4 anos) | Galego

Xoves 3 de xullo | 12.00 h | CSC de Figueiras
 NA PUNTA DO PÉ de Luís Prego e Samuel Soto (Galicia)
 Campamento do CSC e público familiar (+4 anos) | Galego

Xoves 3 de xullo | 19.00 h | Rúas de Compostela
 A PEGADA DE CASTELAO paseo con Carme Varela e Quico Cadaval (Galicia)
 Público adulto | Galego | Inscripción: <https://pegada-castelao.eventbrite.es>

Xoves 3 de xullo | 21.00 h | Xardíns do CSC Maruxa Coralia
 VÉNME AO BICO UN CONTO de Miguel Gouveia (Portugal)
 Público adulto | Portugués

VENRES 4 DE XULLO

Venres 4 de xullo | 11.00 h | Escola Semente
 ESQUECÍN COMO SE CHAMA E OUTRAS HISTORIAS QUE NON LEMBRO de Miguel Gouveia (Portugal)
 Rapazada do campamento de verán da Semente | Portugués

Venres 4 de xullo | 12.00 h | CSC Aurelio Aguirre
 ESCOCIA DE CONTO de Inés Alvares Villa (Escocia-Asturias)
 Rapazada do campamento e público familiar (+8 anos) | Castelán

Venres 4 de xullo | 12.00 h | CSC de Bando
 CROCODILO de Loreto Socorro (Canarias)
 Rapazada do campamento e público familiar (+4 anos) | Castelán

Venres 4 de xullo | 12.00 h | CSC de Laraño
 DIVINOS ANIMAIS de Paula Carbonell (Valencia)
 Rapazada do campamento e público familiar (+4 anos) | Castelán

Venres 4 de xullo | 19.00 h | Museo do Pobo Galego
 DE CANTOS E ANIMAIS de Carolina Arabia (Arxentina)
 Público adulto | Castelán

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Xardíns do CSC Maruxa Coralia
 O QUE NON ESTABA ESCRITO de Aída Cobas e Carmen Conde (Galicia)
 Público adulto | Galego

SÁBADO 5 DE XULLO

Sábado 5 de xullo | 12.00 h | Museo do Pobo Galego
 HISTORIAS DE IDA E VOLTA de Larraitz Urruzola (País Vasco-Galicia)
 Público familiar (+5 anos) | Galego

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Castelo da Rocha Forte
 CONTARA de Celso Fernández Sanmartín (Galicia)
 Público adulto | Galego

A CAPELA

Venres 4 de xullo | 13.00 h | Xardín da Piscina Municipal
GARAVANCIÑA de Bea Campos (Galicia)
Público infantil e familiar (+1 ano) | Galego

A CORUÑA

Sábado 28 de xuño | 12.00 h | Biblioteca Pública Miguel González Garcés
C@NTO CONTIGO de Paco Nogueiras (Galicia)
Público infantil e familiar (+3 anos) | Galego

A ESTRADA

Domingo 6 xullo | 13.00 h | Riobó
VERMÚ DE CONTOS cos artistas do Festival
Público adulto | Galego, portugués, castelán | Inscripción:
festivalatlantica@gmail.com

A POBRA DO CARAMIÑAL

Xoves 3 de xullo | 12.00 h | Cine Elma
ARTILOXIOS de Oswaldo Pai (Aragón)
Público adulto e rapazada (+6 anos) | Castelán

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Xardíns do Pazo do Couto
VICIO HOUBO SEMPRE de Atenea García (Galicia)
Público adulto | Galego

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Castro de Posmarcos
NOVAS HISTORIAS DE FILANDAR de José Luis Gutiérrez 'Don Gutí' (Zamora)
Público adulto | Castelán

ALFOZ

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Xardíns xunto a Casa da Cultura
CONTOS DE REVOLUCIÓN. DE BRASSENS A NEIRA VILAS de Dani Blanco e Zé
Pumar (Galicia)
Público adulto | Galego

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Xardíns xunto a Casa da Cultura
O QUE NON ESTABA ESCRITO de Carmen Conde (Galicia)
Público adulto | Galego

BETANZOS

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Claustro de Santo Domingo
AUTOESTRADAS E CORREDOIRAS de Quico Cadaval (Galicia)
Público adulto | Galego

A CAPELA

A CORUÑA

A ESTRADA

A POBRA DO CARAMIÑAL

ALFOZ

BETANZOS

CALDAS DE REIS

Mércores 2 de xullo | 21.00 h | Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis (Malecón)

FARE LE CORNA de Simone Negrin (Italia-Galicia)

Público adulto | Castelán-galego

Venres 4 de xullo | 11.00 h | Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis (Malecón)

ARTILOXIOS de Oswaldo Pai (Aragón)

Público adulto adolescente e rapazada (+8 anos) | Castelán

CEDEIRA

Venres 4 de xullo | 20.30 h | Adro da Igrexa de San Andrés de Teixido

NO PAIS DAS COUSAS MARABILLOSAS de Rafa Quintía coas Caldupeiras (Galicia)

Público adulto | Galego

CHANTADA

Sábado 5 de xullo | 18.00 h | Garabelos (parroquia de Mariz)

HISTORIAS PARA COIDAR A TERRA de Anxo Moure

Contos na casiña da árbore, ou pescados nas barcas e prantados en Carballolândia

Público familiar | Galego | Inscripción contos no batuxo: festivalatlantica@gmail.com ou 648075831

CUNTIS

Venres 4 de xullo | 12.00 h | Castro de Castrolandín

CAVICIBAI de Pablísimo (Galicia)

Campamento municipal e público infantil e familiar (+3 anos) | Galego

DODRO

Venres 4 de xullo | 19.00 h | Saída: Cruz de Avelán. Chegada: Petróglifos de Bouza Badín

A MEMORIA MILENARIA DOS PETRÓGLIFOS de Manuel Santos Estévez (Galicia)

Público adulto | Galego

Venres 4 de xullo | 20.30 h | Petróglifos de Bouza Badín

POLOS CAMIÑOS DO NORTE: UNHA PONTE DE CONTOS ENTRE TRES TERRAS CELTAS de Inés Álvarez Villa (Escocia-Asturias)

Público adulto | Castelán

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Eira dos Hórreos da Lavandeira (Imo)

AUTOESTRADAS E CORREDOIRAS de Quico Cadaval (Galicia)

Público adulto | Galego

CALDAS DE REIS

CEDEIRA

CHANTADA

CUNTIS

DODRO

FERROL

Xoves 3 de xullo | 12.00 h | Lugar por confirmar
UN NENO, UN CAN, UN GATO E UN PITO de Paula Carbonell (Valencia)
Público familiar (+3 anos) | Castelán

Xoves 3 de xullo | 19.00 h | Saída: Praza do Marqués de San Sadurniño (Praza Vella)
FERROL NA HISTORIA: A SÚA IGREXA DE SAN XIAO de Margarita Sánchez (Galicia)
Público adulto | Galego | Inscripcións: <https://igrexas-xiao-ferrol.eventbrite.es>

Xoves 3 de xullo | 20.30 h | Centro Cívico de Canido
POLOS CAMIÑOS DO NORTE: UNHA PONTE DE CONTOS ENTRE TRES TERRAS CELTAS de Inés Álvarez Villa (Escocia-Asturias)
Público adulto | Castelán

Venres 4 de xullo | 11.00 h | Saída: Porto de Curuxeiras (10:20 h)
O PORTO ILUSTRADO [Roteiro narrado en barco] de Guillermo Llorca (Galicia)
Público adulto | Galego | Inscripcións: <https://porto-ilustrado-ferrol.eventbrite.es>

Venres 4 de xullo | 20.30 h | Centro Cívico de Canido
FARE LE CORNA de Simone Negrin (Italia-Galicia)
Público adulto | Castelán-galego

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Centro Cívico de Canido
PATIOS DE LUZ de Su Garrido Pombo (Galicia)
Público adulto | Galego

IRIA FLAVIA

Xoves 3 de xullo | 20.15 h | Museo Camilo José Cela
VISITA GUIADA POLOS MANUSCRITOS DE CAMILO JOSÉ CELA
Público adulto | Galego | Duración: 30 min | Inscripción: 981 812 425

Xoves 3 de xullo | 21.00 h | Museo Camilo José Cela
NOVAS HISTORIAS DE FILANDAR de José Luis Gutiérrez 'Don Guti' (Zamora)
Público adulto | Castelán

MUGARDOS

Xoves 3 de xullo | 21.00 h | Centro de Interpretación de Caldoval
LAVANDEIRAS de Vero Rilo e Santi Criebeiro (Galicia)
Público adulto | Galego

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Centro de Interpretación de Caldoval
NOVAS HISTORIAS DE FILANDAR de José Luis Gutiérrez 'Don Guti' (Zamora)
Público adulto | Castelán

OURENSE

Mércores 2 de xullo | 11.00 h | Biblioteca Pública de Ourense Nós
RÓTULAS URBANAS de Elvira Carregado (Galicia)
Rueiro para adultos | En galego | Inscripción previa 988 78 83 85 - Prazas limitadas

Xoves 3 de xullo | 11.00 h | Biblioteca Pública de Ourense Nós
CONTOS PARA ORELLAS ABERTAS de Pavís Pavós (Galicia)
Público familiar (+4 anos) | Galego

OUTES

Sábado 28 de xuño | 20.30 h | Espazo Museístico da Carpintaría de Ribeira en Broña
MEU MAR de Laura Escuela (Canarias) e Caxoto (Galicia)
Público adulto | En castelán e galego

Sábado 12 de xullo | 20.30 h | Terraza do Náutico no Freixo
LAVANDEIRAS de Vero Rilo e Santi Cribeiro (Galicia)
Público adulto | Galego

PAZOS DE BORBÉN

Venres 4 de xullo | 21.30 h | Casa Cultural de Nespereira
CONTAR PARA VIVILO de Cándido Pazó (Galicia)
Público adulto | Galego

RIBEIRA

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Lavadoiro de Penisqueira
CONTARA de Celso Fernández Sanmartín (Galicia)
Público adulto | Galego

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Piñeiral da Corna (Palmeira)
VÉNME AO BICO UN CONTO de Aída Cobas (Galicia) e Miguel Gouveia (Portugal)
Público adulto | Portugués e galego

SANXENXO

Xoves 3 de xullo | 11.00 h | CEIP A Florida
AS MÁIS MOLONAS DE PAKOLAS de Pakolas (Galicia)
Campamento municipal e público infantil e familiar | Galego

Venres 4 de xullo | 21.30 h | Casa Mariñeira Don Fernando
ARTILOXIOS de Oswaldo Pai (Aragón)
Público adulto e rapazada (+6 anos) | Castelán

OURENSE

OUTES

PAZOS
DE BORBÉN

RIBEIRA

SANXENXO

TEO

Mércores 2 de xullo | 12.00 h | Parque dos Tilos
ARTILOXIOS de Oswaldo Pai (Aragón)
Campamento municipal, campamento de Arcos e público xeral (+8 anos) | Castelán

Xoves 3 de xullo | 12.00 h | CRA de Casalonga-Calo
GARAVANCIÑA de Bea Campos (Galicia)
Campamento de verán e público infantil (ata 8 anos) e familiar | Galego

Venres 4 de xullo | 12.00 h | CEIP de Ramallosa - Lucí
A FADA DO SACO VERDE de Aída Cobas (Galicia)
Campamento de verán e público infantil e familiar | Galego

Venres 4 de xullo | 21.00 h | Antiga Escola de Nenas de Oza
VÉNME AO BICO UN CONTO de Miguel Gouveia (Portugal)
Público adulto | Portugués

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Aldea de Penelas- Cacheiras
VICIO HOUBO SEMPRE de Atenea García (Galicia)
Público adulto | Galego

VILALBA

Venres 4 de xullo | 20.30 h | Antiga Escola Unitaria de Nete
CONTOS DE TABERNAS de María da Pontragha e Miguelón Paz (Galicia)
Público adulto | Galego

Sábado 5 de xullo | 21.00 h | Escola Habanera Lanzós
FARE LE CORNA de Simone Negrin (Italia-Galicia)
Público adulto (castelán-galego)

VIMIANZO

Domingo 29 de xuño | 19.30 h | Castro das Barreiras
VISITA GUIADA AO CASTRO DAS BARREIRAS de Ángel Concheiro (Galicia)
Público adulto | Galego

Domingo 29 de xuño | 20.30 h | Castro das Barreiras
CONTAR PARA VIVILO de Cándido Pazó (Galicia)
Público adulto | Galego

Mércores 2 de xullo | 11.00 h | Castelo de Vimianzo
PROCÚRASE PEPA A LOBA de Cris Collazo (Galicia)
Campamento de verán e público xeral (+5 anos) | Galego

TEO

VILALBA

VIMIANZO



EQUIPO

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
SOLEDAD FELLOZA

PROMOVE
FESTIVAL ATLÁNTICA

COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN
SOLEDAD FELLOZA, ORZO ABRUNHEIRAS, TATI GARCÍA

GABINETE ECONÓMICO
ECOBURÓ DE XESTIÓN

IMAXE, DISEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN
RAQUEL BOO

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO WEB
ÁLEX BRAGAÑA

COMUNICACIÓN E PRENSA
BEATRIZ PÉREZ

DOCUMENTACIÓN
M. GAGO

INTERPRETACIÓN EN LINGUA DE SIGNOS
EN LINGUA DE SIGNOS

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
PILAR CORRAL, MARÍA UZAL

FOTOGRAFÍA E VÍDEO
XAIME CORTIZO, MIGUEL MUÑIZ, ADRIÁN GONZÁLEZ LÓPEZ, ELENA CERVIÑO

COORDINACIÓN CENTROS DE ENSINO
FESTIVAL ATLÁNTICA

COORDINACIÓN PORTUGAL
EVELYNE LÓPEZ MUSSONS

CORNAMUSA DO FESTIVAL
OBRA DE MARCELO SCAPINAKIS- TALLER ESQUINA ATLÁNTICA

BOLSEIRA
ANA FARIÑA

VOLUNTARIADO
ELE BREA, MARÍA UZAL, MON SERODIO E TODA A XENTE
DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PATRIMONIAIS QUE NAVEGAN CONNOSCO

CONTACTO PRENSA

BEA PÉREZ

604 070 409

PRENSA@FESTIVALATLANTICA.GAL

 **FESTIVALATLANTICA.GAL**

 **FESTIVALATLANTICA**

 **FESTATLANTICA**

 **FESTATLANTICA**

ATLANTICA
DO 28 DE XUÑO
AO 06 DE XULLO
2025

